

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao no Programa Conxunto ADE-Dereito)

CURSO 2020-2021

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito

CURSO 2020-2021

Validado pola Comisión de Calidade o día 2 de decembro de 2021
Aprobado pola Comisión Permanente o día 20 de decembro de 2021

Índice

1.	Información xeral	3
2.	Coordinación	3
3.	Xustificación e descrición do informe	3
4.	Accións de coordinación	4
4.1.	Reunións e actuacións de coordinación	4
4.1.1.	Reunións e actuacións de coordinación cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito-	4
4.1.2.	Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito	5
4.1.3.	Actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial.....	5
4.1.4.	Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade	6
4.1.5.	Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados	8
4.1.6.	Reunións e actuacións de coordinación da materia Traballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente	14
4.1.7.	Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo	23
4.1.8.	Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito	23
4.2.	Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	24
4.2.1.	Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade.....	24
4.2.2.	Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade	25
4.2.3.	Actuacións de promoción do centro.	27
4.2.3.1.	Promoción internacional do centro a través do profesorado, PAS e alumnado participante en programas de mobilidade	28

4.3.	Incidencias e actuacións máis relevantes. Accións de mellora	28
4.3.1.	Incidencias e actuacións máis relevantes	28
4.3.2.	Accións de mellora para o curso 2020/2021	38
5.	Conclusións	39
6.	Anexos	40

ANEXO I: ACTAS DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN

ANEXO II: INFORME SEGUIMIENTO TFG

ANEXO III: INFORME SOBRE COOPERACIÓN CON INSTITUCIÓN E EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES NO CURSO 2020/2021 E PROPOSTA, SE PROCEDE, DE MELLORAS PARA O CURSO 2021/2022

ANEXO IV: INFORME DE SEGUIMIENTO. RELACIÓN INTERNACIONAIS

ANEXO VI: INFORME FINAL DE REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES PARA O CURSO 2021/2022

ANEXO VI: INFORME FINAL PAT 2020/2021

1. Información xeral

Denominación do título	Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2014/2015 Plan 1 (plan de estudos modificado "G081 – Plan 2014") 2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudos Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito / Comisión de Coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE-Dereito	Comisión de coordinación do PCEO

3. Xustificación e descrición do informe

Tanto a memoria inicial como a memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo (apartado «Procedemento de coordinación do Grao», páx. 48) contemplan a figura do coordinador/a de curso, cuxa función é garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación das materias en cada curso académico. Con todo, ponderadas as peculiares circunstancias da Facultade de Dereito, estimouse máis axeitado contar cun único coordinador/a para o conxunto da titulación.

Entre outras funcións, o **coordinador/a do Grao** deberá emitir informes periódicos para manter informado ao Decanato das incidencias e dos eventos relevantes. Para tal fin, o/a coordinador/a do Grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito.

Pola súa banda, **os coordinadores/as** das materias de **Prácticas externas** e de **Traballo de fin de Grao** encárganse de coordinar aos distintos titores/as.

Finalmente, a/o **responsable de relacións internacionais** procuran a coordinación das actuacións de mobilidade.

Todas as labores de coordinación, horizontal e vertical, que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e dos plans de mellora acometidos dende o equipo de goberno do centro.

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros –as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo–, constituíuse unha **Comisión de Coordinación do Grao en**

Dereito pola Universidade de Vigo conformada polos Decanos/as e os Coordinadores/as do Grao nos referidos dous centros. Tal Comisión ten por obxecto avaliar e procurar solventar as incidencias ou posibles disfuncións detectadas, así como establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros.

Finalmente, dende o curso 2014/2015 o estudiantado pode cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e de Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un **programa conxunto («simultaneidade»)** elaborado polas facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 6 da Memoria vixente para o Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao (PCEO) (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito - Campus de Ourense), aprobada polo Consello de Goberno o día 22 de xullo de 2016, prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo integrado polas persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás delegación polo/a Decano/a dun centro nun vicedecano/a. Ademais, constitúese un **órgano coordinador** formado polas persoas titulares dos Decanatos e os/as coordinadores/as dos graos de ambos os dous centros no PCEO. Esta comisión, cando existan dificultades na coordinación que o fagan convinte, reunirse a instancia de calquera dos dous Decanatos.

4. Accións de coordinación

A continuación, descríbense as actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2020-2021 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito –incluído o Programa Conxunto ADE-Dereito-, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e acometer plans de mellora.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación

4.1.1. Reunións e actuacións de coordinación cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito-

Durante o curso académico 2020/2021 desenvóléronse as seguintes reunións de coordinación cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegados/as de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito-, nas datas sinaladas a continuación:

- 18/11/2020. Nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado do Grao en Dereito respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder a súa resolución.
- 19/11/2020. Nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado do PCEO ADE-Dereito respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder a súa resolución
- 26/03/2021. Nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado respecto do desenvolvemento da docencia do segundo período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder a súa resolución.

4.1.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito

Durante o curso académico 2020/2021 desenvolvéronse dúas reunións co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito, nas datas que se sinalan a continuación:

- 27/11/2020. Nesta xuntanza, trasladáronse aos docentes as reflexións e comentarios realizados polos estudantes. Así mesmo, recolléronse as valoracións do profesorado respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período.
- 09/04/2021. Nesta xuntanza, trasladáronse aos docentes as reflexións e comentarios realizados polos estudantes, de maneira sinalada no relativo ao tránsito da docencia presencial á docencia virtual. Así mesmo, recolléronse as valoracións do profesorado respecto do desenvolvemento da docencia do segundo período, sinaladamente no marco da nova docencia a distancia.

4.1.3. Actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial

Durante o curso académico 2020/2021 realizáronse as seguintes actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial da Facultade de Dereito:

a. Accións de organización e acollida

- Xullo 2020: Proceso de selección de Profesores-titores. Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos profesores- titores do curso 2019/2020 solicitando que manifesten a súa dispoñibilidade para continuar desenvolvendo tarefas como profesores-titores no curso 2020/2021.
- Setembro 2020: Proceso de selección de alumnos-titores. Remisión de correos electrónicos e visitas nas aulas para solicitar a colaboración de alumnado de 3º e 4º do Grao e de 4º e 5º do PCEO para participar no PAT en calidade de alumnos-titores.
- 14 de setembro de 2020: Celebración na Facultade de Dereito da “XORNADA DE ACOLLIDA” dirixida ao alumnado de Grao e do programa conxunto ADE-Dereito. Os obxectivos que persigue este curso son:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
 - Presentar o Plan de Acción Titorial da Facultade de Dereito
- Setembro 2020: Publicación na web do centro do Anexo I do PAT 2020-2021 coa asignación do alumnado de primeiro curso aos profesores-titores e aos alumnos-titores. Remisión do referido documento aos correos electrónicos do estudantado de primeiro curso.

b. Apoio e seguimento

- Outubro 2020: malia que no curso 2019-2020, a primeira reunión foi conxunta, para todos os alumnos de primeiro curso –con presenza de todos os profesores-titores e alumnos-titores–, por razón de seguridade e saúde, en outubro de 2020 tal formato non se estimou adecuado. Por elo, dende a Coordinación solicitouse que cada profesor-titor convocará aos seus alumnos e alumno-titor a unha xuntanza on line no correspondente despacho virtual.

No marco das correspondentes xuntanzas, os profesores-titores, coa colaboración dos alumnos-titores, expuxeron ao alumnado de primeiro curso os obxectivos e recursos do PAT. Nesta xuntanza inicial os alumnos de primeiro curso que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT. Así mesmo, alumnos-titores e alumnos de primeiro curso que así o desexaron procederon á constitución de grupos de Whatsapp para a facilitar a titorización (N^a de ficha de mellora: 2018C01).

Os profesores-titores remiten á Coordinación convocatoria das correspondentes xuntanzas, así como os Anexos III correspondentes (ficha de seguimento das correspondentes xuntanzas).

- 1 de febreiro de 2021: Dende o centro organizouse o “Curso 3.5”, fundamentalmente destinado ao alumnado de terceiro curso do Grado de Dereito e cuarto curso do PCEO. Os obxectivos deste curso son:

- Presentar ao alumnado de terceiro curso e cuarto curso do PCEO a información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao: TFG, optativas, obtención de mención no título, prácticas externas, prácticas extracurriculares...

- Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

- Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado, así como o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.

En concreto, os temas abordados foron os seguintes:

- A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.

- O Tránsito Fin de Grao. Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto, Prof.^a Dra. M.^a Belén Sánchez Ramos. Coordinadoras da materia Tránsito Fin de Grao.

- Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía. Prof.^a Dra. M.^a Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía.

- A organización da materia optativa “Prácticas Externas”. Prof.^a Dra. Susana Álvarez González, Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez. Coordinadores da materia optativa Prácticas externas.

- A mobilidade do estudantado no estranxeiro. Prof.^a Dra. M.^a Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais.

- Prácticas extracurriculares e emprego. D.^a Sandra Morales Lloves. Fundación Universidade de Vigo.

- 18 de marzo de 2021: Remisión, pola coordinación, de correo electrónico aos profesores-titores do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimento dos estudantes titorizados.

Os profesores-titores remiten a coordinación convocatoria das correspondentes xuntanzas, así como os Anexos III correspondentes (ficha de seguimento das correspondentes xuntanzas).

- 9 de xuño de 2021: Remisión de correo electrónico pola Coordinación:

- aos estudantes que participan no PAT solicitándolles que cumprimenten *on line* o Anexo “IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado”.

- aos profesores-titores solicitando que cumprimentasen *on line* o Anexo “IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a”.

- aos estudantes que participan no PAT en calidade de alumnos-titores solicitándolles que cumprimenten *on line* o Anexo “IV-B: Cuestionario final de satisfacción do/a estudante titor”

4.1.4. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade

1. Mobilidade Internacional

A convocatoria de mobilidade ERASMUS + 20/21 publicouse o 24 de novembro de 2020. Pola súa banda, a convocatoria de Prazas de Intercambio con países non comunitarios publicouse o 4 de decembro de 2020. A finais de novembro, Dna. Amelia Rodríguez Piña, Directora da Oficina de Relacións Internacionais, convocou a unha reunión

informativa para todos os alumnos solicitantes de mobilidade -tanto ERASMUS como de convenio bilateral-. A reunión, como consecuencia da COVID-19, celebrouse a través do Campus Remoto.

Tal e como establece a Convocatoria, unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes, a ORI remite a documentación aos Centros para a asignación de prazas. O 12 de febreiro publicamos no Centro a lista provisional de destinos. Así mesmo, convocamos aos alumnos seleccionados a unha reunión informativa no Campus Remoto (na miña aula Virtual) o 17 de febreiro coa finalidade de solventar todas as dúbidas. Finalmente, transcorrido o prazo establecido, publicamos a lista definitiva o 18 de febreiro.

Posteriormente, tras a publicación da lista definitiva de destinos tiveron diversas reunións individualizadas, así como comunicación vía email con todos alumnos a medida que ían cumprimentado o seu acordo de estudos.

Aínda que solicitaran a mobilidade ERASMUS 17 alumnos de Grao e 3 de PCEO, finalmente, están realizando a mobilidade ERASMUS 12 alumnos de Grao e 2 de PCEO. Así mesmo, unha alumna de PCEO realizará a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsas Propias da Universidade de Vigo no próximo cuadrimestre (mobilidade con América Latina, concretamente na Universidade Autónoma de Chile).

Hai que destacar que neste curso académico produciuse un notable incremento dos alumnos que solicitaron a mobilidade ERASMUS no Grao (máis de quince persoas). Neste sentido, coa finalidade de incrementar o número de alumnos que cursan un período de estudo en terceiros países (xa sexa mobilidade no marco do Programa ERASMUS ou no marco dos Programas con América Latina) seguimos incidindo nas reunións informativas. Neste sentido, cabe destacar, que na Xornada de acollida aos alumnos de primeiro curso impártese por parte da responsable ERASMUS do Centro unha charla sobre os Programas de mobilidade e tamén no Curso 3.5 (enfocado aos alumnos de terceiro curso do Grao e de cuarto curso do PCEO).

2. Mobilidade nacional

En canto á mobilidade SICUE, a convocatoria publicouse o 4 de febreiro de 2021. A diferenza do programa ERASMUS, a asignación de prazas realízase directamente na ORI. Este ano están a realizar esta mobilidade dúas alumnas de Grao e un de PCEO. Con estes alumnos celebramos titorías individualizadas para resolver todas as dúbidas expostas e formalizar o acordo académico.

4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2020/2021 realizáronse as seguintes reunións e actuacións en relación coa materia “Prácticas Externas”:

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2020: reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas. Xuño 2020: Elaboración da guía docente pola coordinación.
- Setembro 2020: convocatoria para o nomeamento de Tutores académico/as de Prácticas Externas. A Comisión Permanente nomea como tutores académico/as aos seguintes profesores: D. Virxilio Rodríguez Vázquez e D^a. Susana Álvarez González
- Decembro de 2020: publicación de oferta formativa de prácticas externas 2020-2021.
- Decembro de 2020: adjudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma TEMA e comunicación aos/ás tutores/as externos/as dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2021: presentación da materia prácticas externas ao comezo do cuadrimestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado antes do comezo das prácticas –xaneiro 2021-. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesións informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2020-2021.
- Recepción do informe final e valoración dos/as tutores/as externos/as. Publicación das cualificacións en xuño de 2021 (plataforma TEMA)

É preciso sinalar que todas as actuacións estiveron marcadas pola situación de saúde pública provocada pola COVID 19. Tentouse adaptar tanto as reunións que se celebraron, como a recepción de documentación, ás medidas impostas pola normativa académica aprobada pola Universidade de Vigo, polo que se realizaron paralelamente de forma virtual a través do campus remoto e posibilitouse a entrega electrónica da documentación.

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2010-2021.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2020-2021 foi de 32 prazas para un total de 27 alumnos. Estas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

NOTARÍA (1)

Titor externo: D. Daniel Balboa
Enderezo: Rúa da Concordia, 13, 32003 Ourense
Teléfono: 988 37 28 07
Contacto: dbalboa@notariado.org

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (1)

Titora externa: Dna. Mónica Lesgapi Díaz
Enderezo: Oficinas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, Rúa Progreso n.º 32.
Contacto: jmosquera@depourense.es

DESPACHOS DE ABOGADOS/ECONOMISTAS (7)

LEÓN REY ABOGADOS (2)

Titor externo: D. David de León Rey
Enderezo: Rúa Santo Domingo, 45 1º, L3, 32003 Ourense,
Contaco: davidleon@uvigo.es

JOSÉ ABUNDANCIA DOMINGUEZ AVOGADO(1)

Titor externo: D. José Abundancia Domínguez
Enderezo: Paseo, 36 3º C - 32003 - Ourense (Ourense)
Contacto: j.abundancia@gmail.com

ADV ECONOMISTAS & ABOGADOS (1)

Titora externa: Dna. Marta López
Enderezo: Parque San Lázaro número 8, 3º Izquierda, 32003, Ourense
Contacto: mlopez@advgrupo.com

JOSÉ FEIJÓO MIRANDA ABOGADO(1)

Titor externo: D. José Feijóo Miranda
Enderezo: Bedoya, 2 1ª Esquina con Parque San Lázaro y, Rúa Santo Domingo, 32004 Ourense
Contacto: correo@abogadosfeijoo.com

NATALIA TORRES CADAVID AVOGADA (1)

Titora externa: Dna. Natalia Torres Cadavid
Enderezo: Av. Pizarro 21, ent. D. 36204, Vigo (Pontevedra)

Contacto::natalia@torrescadavid.com

DESPACHO DE ABOGADOS SALGADO CARBAJALES (1)
Titara externa: Dna. Fátima M^a Salgado Carbajales
Enderezo: Rúa Celso Emilio Ferreiro 29, 10 B, Ourense
Contacto: fatimamariasalgadocarbajales@gmail.com

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE (5)

Titor externo: D. Manuel Arias Carral
Enderezo: as prácticas desenvolveranse nos diferentes servizos da Subdelegación (Rúa Parque San Lázaro, 1, 32003 – Ourense): Unidade contra a violencia da muller, autorizacións administrativas, infraccións administrativas, xurado provincial de expropiación forzosa, dependencia de traballo e inmigración, oficina de estranxería e avogacía do Estado).
Contacto: arias@uvigo.es

PARLAMENTO DE GALICIA (5)

Titor externo: D. Xosé Antón Sarmiento Méndez. Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia
Enderezo: Rúa do Hórreo, 63 - 15701 Santiago de Compostela
Teléfono: 981-55.13.20/21
Contacto: xose.anton.sarmiento.mendez@parlamentodegalicia.gal

INGADE (1)

Titara externa: Dna. Yolanda Trasobares Ramos
Enderezo: Parque tecnolóxico - tecnópole 1, of.13 – local 1332900 - San Cibrao das Viñas – Ourense
Teléfono: 988368157
Contacto: yolanda@ingade.es

CONCELLOS (8)

CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (2)

Titor extern: D. Manuel Conde Gómez
Enderezo: Pza. do Toural, 10 - 32702 - Vilar de Barrio (Ourense)
Teléfono: 988419001
Contacto: notificaciones@vilardebarrio.gal

CONCELLO DE CELANOVA (1)

Titara externa: Dna. Montserrat Campos Mondelo
Enderezo: Praza Maior 1 32800, Celanova-Ourense
Teléfono: 988-43.14.87

Contacto: montserrat.campos.celanova@eidolocal.es

CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR (3)

Titoras externas: Concepción Bolano Novoa (Dep. Contratación), Luisa María López Pérez (Arquitecta municipal) e Marina Sara González Soto (Asesora xurídica)

Enderezo: Concello de Pereiro de Aguiar

Contacto: alcaldia@pereiro.gal

CONCELLO DE BARBADÁS (3)

Titora externa: Dna. Victoria Morenza

Enderezo: Concello de Barbadás

Contacto: victoria.morenza@barbadas.es

VICERREITORIA DE COOPERACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E RESPONSABILIDADE SOCIAL (1)

Titora externa: Dna. Laura Movilla Pateiro

Enderezo: Universidade de Vigo

Contacto: lauramovilla@uvigo.es

PÉREZ RUMBAO (1)

DEPARTAMENTO XURÍDICO

Titora externa: Dna. Irene Santana Carnero

Enderezo: Carretera Nacional 525, Km, 231.1

Polígono de Barreiros 32910, San Cibrao das Viñas, Ourense

Teléfono: 988363060

Contacto: irenesc@perezrumbao.com

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR (2)

Titora externa: Dna. Cristina Reza Conde

Enderezo: Edif. Admtvo. San Lázaro, s/n, 3º Andar - 15703 - Santiago de Compostela

Teléfono: 881 996 400

C. Valoración das propostas de mellora para o curso 2020/2021

A acción de mellora proposta para o curso 2020/21 realizouse xestionando a adaptación dos convenios xa existentes seguindo o disposto na DA 8ª de la Lei 40/2015. Tamén se asinaron novos Convenios a instancia da coordinadora de prácticas da Facultade de Dereito. Entre os convenios asinados no devandito curso figuran os seguintes:

[2021000397](#) 10/05/2021 Pilar Pazos Alzugaray

Prácticas externas Máster da
abogacía.

[2021000336](#) 23/04/2021 Elvira Silva Varela Abogados

prácticas Máster en Abogacía

2021000334	23/04/2021	Luis Salgado Carbajales	prácticas Máster en Abogacía
2021000331	23/04/2021	ALFONSO PEREIRA SARDI	Prácticas Máster en Abogacía
2021000330	22/04/2021	JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ SEOANE	Prácticas Máster en Abogacía
2021000329	22/04/2021	ARL ABOGADOS	Prácticas Máster en Abogacía
2021000328	22/04/2021	FERRO ABOGADOS	Prácticas do Máster en Abogacía
2021000327	22/04/2021	ZAIDA ÁLVAREZ GONZÁLEZ	Prácticas dos alumnos da Facultade de Dereito
2021000326	22/04/2021	JOSÉ ABUNDANCIA DOMÍNGUEZ	Prácticas do Grao en Dereito e do Máster en Abogacía
2021000090	05/02/2021	Fátima Salgado Carbajales Abogados	realización de prácticas grao en Dereito e Máster da abogacía.
2021000089	05/02/2021	ADV ECONOMISTAS & ABOGADOS	Prácticas dos alumnos do Grao en Dereito e Máster da Abogacía
2020000851	17/12/2020	Torres Cadavid Avogados	Prácticas externas Grao en Dereito
2020000848	16/12/2020	JOSÉ FEIJÓO MIRANDA	prácticas do Grao en Dereito
2020000812	01/12/2020	NOTARÍA TOURÓN BALBOA	Prácticas externas Grao en Dereito e Máster da Abogacía.
2020000800	25/11/2020	INGADE (CONSULTORÍA DE EMPRESA)	Realización de prácticas externas do Grao en Dereito

D. Avaliación das prácticas externas durante o curso 2020/2021 e proposta de mellora para o curso 2021-2022.

Respecto ao curso 2020/2021, as condicións de saúde pública permitiron a realización das prácticas nun contexto de certa normalidade. Non obstante, nalgúns casos, xa previstos na oferta formativa e que se pode consultar na plataforma TEMA, foron realizadas de xeito virtual. Dende este punto de vista, na medida do posible, tentouse potenciar a realización de prácticas externas extracurriculares polo alumnado co obxectivo de non concentrar as prácticas nunha época concreta do curso académico e facilitar a súa incorporación gradual. Así, fronte os datos do curso precedente 2019-2020 no que se desenvolveron 4 prácticas extracurriculares, no curso 2020-2021 incrementouse o número a 14 prácticas realizadas; na maioría dos casos solicitouse o recoñecemento das mesmas.

Seguíronse actualizado os convenios xa existentes e tentando potenciar novas sinerxias e colaboracións.

En relación coas melloras, propóñense as seguintes:

1. Incluír novos ámbitos profesionais na oferta de prácticas para o vindeiro curso que sexa atractivos para o alumnado e que encaixen nalgúnhas das mencións de cuarto curso do Grao.
2. Sinatura de novos Convenios que permitan o desenvolvemento do sinalado na primeira proposta.
3. Potenciar tanto a realización e prácticas curriculares e extracurriculares durante o curso 2021-2022.

4.1.6. Reunións e actuacións de coordinación da materia Tralaballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2020-21, a iniciativa das coordinadoras da materia Tralaballo fin de grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvóléronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Tralaballo fin de grao. As máis destacables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño 2020: Elaboración da guía docente pola coordinadora.
- 15/07/2020: habilitación pola Comisión Permanente dun novo prazo no mes de febreiro (2º) de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do Tralaballo de fin de grao e incluílo no calendario académico da Facultade de Dereito e delegar na Secretaria da Facultade a incorporación das datas que procedan.
- 15/07/2020: aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2020/21 -novembro de 2010 (1º prazo), xuño de 2021 (3º prazo), xullo de 2021 (4º prazo) e setembro de 2021 (5º prazo)-
- 30/07/2020: aprobación pola Comisión Permanente da modificación do segundo e terceiro prazo de defensa do Tralaballo de Fin de Grao e do prazo de entrega de actas do primeiro e segundo período para adaptalo á modificación do calendario académico da Universidade de Vigo e da obriga de manter a titorización e propostas temáticas dos Traballos de Fin de Grao asignados no curso académico 2018-2019 para o alumnado que se presente ao segundo prazo de defensa (febreiro) habilitado no curso académico 2020-2021
- 30/09/2020: Designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2020/21.
- 30/09/2020: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2020-2021 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao e autorizar a titorización polos profesores D. José Abundancia Domínguez, D. Roberto Couto Calviño, D. José Mosquera Casero e D.ª Natalia Torres Cadavid, previa solicitude expresa dos interesados.
- 30/09/2020: Aprobación pola Comisión Permanente, respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio:
 - a) Que, a instancia do alumno que participa no programa de mobilidade ou intercambio, poida asignarse directamente como persoa titora do TFG ao profesor da Facultade de Dereito proposto por el mesmo, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento.
 - b) Que, en relación coa avaliación do TFG polo Tribunal designado para o curso académico que corresponda e o desenvolvemento da defensa pública ante o devandito tribunal, se aplique ao alumnado que participa no programa de mobilidade ou intercambio os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que concorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.

- Outubro-novembro de 2020: Publicación da relación de profesorado que no curso 2020/21 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 18/11/2020: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2020-2021.
- 16/12/2019: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2020-2021 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos. Acórdase tamén manter, con carácter xeral, a titorización e as propostas temáticas dos Traballos de Fin de Grao asignadas nos dous cursos anteriores para o alumnado que se presente ao primeiro ou segundo prazo de defensa (novembro e febreiro) habilitados en cada curso académico.
- 01/02/2021: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudantado de terceiro curso de Grao en Dereito e 4º curso do PCEO ADE-Dereito. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.
- 01/02/2021: Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, as coordinadoras informan, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbbraselle ao estudantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.
- 11/02/2021: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- 14/05/2021: Última sesión co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador. A sesión celebrouse a través do Campus remoto
- 01/06/2021: Asignación excepcional pola Comisión permanente, seguindo indicacións da ORI, da titorización do Traballo de fin de grao dunha alumna do programa de intercambio Erasmus e aprobación, en consecuencia, da proposta temática presentada, consonte ao acordo da Comisión Permanente do día 30 de setembro de 2020.
- 01/06/2021: Aprobación pola Comisión permanente de que, en relación coa solicitude de avaliación do Traballo de fin de grao e pese a esixencia do artigo 6.2 do Regulamento para elaborar o Traballo de fin de grao en Dereito da Facultade de Dereito de entrega dunha versión do TFG en papel por cuadruplicado, abonde con que o alumnado entregue 3 exemplares en soporte físico para os membros do tribunal avaliador e que o exemplar que queda depositado na Facultade, para evitar o almacenamento de papel, se archive en formato electrónico mediante a gravación da versión electrónica dos traballos que os estudantes deben subir a través da plataforma de apoio á docencia "Faitic" en cada convocatoria.
- Xaneiro-xullo de 2021: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia faitic, con información sobre premios e axudas aos TFGs; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia "Traballo de fin de grao" ata o curso 2020-2021

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que terá un mínimo de 6 créditos e que deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorpórase como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

A incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carece de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificulta a configuración da materia e xustifica a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén detectouse a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, na vixente redacción do Real Decreto 1393/2007 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 9): “os ensinos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral (...) orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional”.
- MÁSTER (art. 10): entre os posibles fins dos ensinos de Máster figura “promover a iniciación en tarefas investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 11): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade”.

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrado universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en

“formación continua”, como calquera outro estudante matriculado no Máster –aínda que con algunhas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Máster.

Nos últimos cursos acometéronse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. Ambos os dous documentos teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretenden desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, os prazos das defensas nas convocatorias de xuño e xullo son moi axustados e dificultan a defensa cando os estudantes teñen outras materias pendentes. No caso do alumnado do PCEO, a situación agrávase porque deben de elaborar dous TFGs, o que dificulta o seu proceso de obtención do título. Xa que logo, habilitáronse novos prazos de defensa do TFG. Primeiro no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. No curso 2020/21 o prazo de setembro incorporouse como último prazo do curso e non como 1º prazo do curso seguinte. Ademais, habilitouse un novo prazo de defensa no mes de febreiro. Estas accións de mellora formuláronse para permitir obter o título de Graduado/a en Dereito no mes de setembro e incorporarse ao Mestrado da avogacía aos estudantes aos que solo lles restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Mestrado sen solución de continuidade -sen obstáculos que lles obrigasen aos estudantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este prazo habilitouse xa en setembro de 2019. Ao converterse en prazo do mesmo curso académico evita que o alumnado teña que aboar novamente a taxa de matrícula e facilita a gradación dos estudantes nun tempo menor, posibilitando a mellora da taxa de gradación e de idoneidade. O prazo de febreiro permite ao alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que pode tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O prazo de febreiro pode ser especialmente interesante para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir elevar a taxa de gradación da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a excepción dos que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade a teor do art. 10 do RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento de súa calidade (e antes o art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo). Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa

e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

No último curso académico mellorou a *ratio* entre estudantes matriculados e estudantes presentados. Con todo, debe terse en conta a imposibilidade da defensa do TFG se o alumno non ten superada a totalidade de créditos restantes para a obtención do título. Á luz dos datos que se obteñan o presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua, se se estima necesario, noutras propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación. Con todo, analizarase se o problema se centra en que os alumnos non acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden defender o Traballo de fin de grao.

En terceiro termo, acometéronse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fíxanse varias sesións presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador. Entre esas dúas datas fíxanse nos horarios titorías de atención personalizada para atender dúbidas de carácter xeral sobre o desenvolvemento do traballo.

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida

presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilidades ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.

Tamén se acorda non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofrezca as garantías necesarias, salvo que a defensa se desenvolva a través do Campus Remoto. Nese caso, a exposición de cada alumno/a será gravada coa finalidade de facilitarlle ao Tribunal o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión da proba, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Cara ao desenvolvemento adecuado de dita gravación mediante webcam, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación do exame. Será responsable do tratamento dos datos a Universidade de Vigo. As gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas

Para facilitar a defensa de TFGs nos dous primeiros períodos de defensa habilitados en cada curso académico (novembro e febreiro), acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de titor e proposta temática.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersoal. A modificación da nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliación e cualificación do TFG/TFM (tribunal colexiado ou unipersoal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto.

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2020/21

- Configurar o prazo de defensa do TFG do mes de setembro como último prazo de defensa do curso anterior –e non como primeiro prazo do curso seguinte–, para mellorar as taxas de idoneidade e gradación. Este prazo de setembro habilitarase xa en setembro de 2020 como último prazo de curso 2019/20.
- Habilitar un novo prazo de defensa do TFG no mes de febreiro.

O prazo de setembro como 5º prazo pretende evitar unha nova matrícula do alumnado e pode mellorar a taxa de idoneidade e gradación. A mellora implementouse cun resultado positivo.

Ademais, o curso 2019/20 o Ministerio de Xustiza sinalou que, a partir do curso 2020/21, non se admitirían ao exame de acceso á profesión a aqueles estudantes que se matricularan no mestrado unha vez que xa empezase o curso. O adiamento da defensa do TFG da convocatoria de fin de carreira da Facultade de Dereito a setembro, permite que aqueles estudantes que só teñan esta materia pendente, poidan matricularse no mestrado. Ademais, atrasouse o inicio das clases do mestrado para facilitar a matrícula destes estudantes. A cuestión foi analizada na Comisión de coordinación coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e coa Área Académica de Posgrao, que acordou que estes estudantes se puidesen preinscribir no mestrado no segundo prazo de matrícula, a condición de que acreditasen que só lle quedaba esta materia, e, unha vez aprobada no prazo previsto, puidesen formalizar a súa matrícula.

O novo prazo de febreiro permite que o alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que poderá tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O novo prazo pode ser interesante tamén para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2020/2021

		2014/15		2015/16		2016/17		2017/18		2018/19		2019/20		2020/21	
Datos comparativos								8				19		20	
Estudantes matriculados		56		58		90		68		74		77 Grao + 15 Pceo		120	
Estudantes presentados	Totais	46 (+1 susp. xuño)		35 (32 aprobados +3 susp.)		53 (+4 suspensos FC)		35		20 Grao + 5 Pceo		42 Grao + 10 Pceo		59 (+1 susp. xullo)	
	novembro	7		4		14		6		4		8 + 0		4	
	febreiro													8	
	xuño	23		10		29		12		7 + 1		8 + 3		16	
	xullo	17		21		14		14		8 + 4		13 + 4		20	
	setembro							3				5 + 1		9 + 2	
Cualificacións	Globais por curso	MH	1	0	4	0	1 + 1	1	1						
		Sb	3	9	15	6	5 +	3 +	22						

							1	1	
		N	20	11	18	18	9 + 3	22+ 9	25
		A	22	12	16	11	5	16	9
		Susp	1	3	4	0	0	1	3 (1 apr. en sept. 2021)
	novembro	MH	0	0	0	0	0	0	
		Sb	0	0	1	0	0	0	2
		N	3	2	1	3	2	5	1
		A	4	1	8	3	2	3	1
		Susp		1 (apr. en xuño 2019)	4 (apr. xuño ou xullo 2019)	0	0	0	
	febreiro	MH							
		Sb							3
		N							4
		A							1
		Susp							
	xuño	MH	1	0	2	0	0		1
		Sb	2	3	10	2	2 + 1	0 + 1	7
		N	9	3	11	7	5	4 +	5

								2		
		A	10	4	6	3	0	3	3	
		Susp	1(ap. en xullo 2015)	0	0	0	0	1 (ap. en xullo 2020)		
	xullo	MH	0	0	2	1 + 1	2	1		
		Sb	1	6	4	4	3	2	6	
		N	7	6	6	7	2 + 3	6 + 4	10	
		A	8	7	2	3	3	4	3	
		Susp	0	2	0	0	0	0	1 (ap. en sept. 2021)	
	setembro	MH						0	0	
		Sb						0	1	4
		N				1		3 + 1	4 + 2	5
		A				2		2	4	1
		Susp						0	0	2

E. Propostas de mellora para o curso 2021/2022

- Habilitar Moovi como plataforma de teledocencia
- Prever, respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio:

a) Que, a instancia do alumno que participa no programa de mobilidade ou intercambio, poida asignarse directamente como persoa titora do TFG ao profesor da Facultade de Dereito proposto por el mesmo, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento.

b) Que, en relación coa avaliación do TFG polo Tribunal designado para o curso académico que corresponda e o desenvolvemento da defensa pública ante o devandito tribunal, se aplique ao alumnado que participa no programa de mobilidade ou intercambio os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que concorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.

- Manter, con carácter xeral, a titorización e as propostas temáticas dos Traballos de Fin de Grao asignadas nos dous cursos anteriores para o alumnado que se presente ao primeiro ou segundo prazo de defensa (novembro e febreiro) habilitados en cada curso académico.

4.1.7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou disfuncións detectadas, así como para establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo), durante o curso académico 2020/2021 celebrouse unha reunión virtual o 21 de maio de 2021.

A orde do día da citada xuntanza foi a seguinte (extracto da convocatoria remitida pola Decana da Facultade de Dereito):

1. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior -14 de xullo de 2020--.
3. Análise do estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2019-2020.
4. Análise e aprobación, se procede, da proposta de accións de mellora da titulación para o curso 2020-2021.
5. Toma de postura en relación co procedemento de elaboración das guías docentes do curso 2021-2022.
6. Análise e aprobación, se procede, da proposta de modificacións a memoria da titulación para o curso 2021-2022.
7. Delegación, se procede, de competencias en materia de coordinación da titulación nas persoas coordinadoras do Grao en Dereito nas facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
8. Suxestións e preguntas.

Así mesmo, ademais da referida xuntanza virtual, mantivéronse, ao longo do curso académico 2020-2021, contactos vía telefónica/correo electrónico/whatsapp entre ambos equipos decanais.

A acta da citada reunión, aínda pendente de aprobación, pode consultarse no apartado 6, Anexos.

4.1.8. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

Durante o curso académico 2020/2021 celebrouse unha reunión da Comisión de Coordinación do PCEO ADE-Dereito o 27/04/2021 coa seguinte orde do día (extracto da convocatoria remitida pola Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo):

- 1º. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria na presente reunión.
- 2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11/05/2020 1).
- 3º. Análise das enquisas de satisfacción da titulación do curso 2019/20.
- 4º. Consideración da proposta para a Xunta da Facultade da FCETOU, se procede, en relación coas materias Traballo de fin de grao en ADE e Traballo de fin de grao en Dereito.
- 5º. Informe das Sras. Coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.
- 6º. Rolda das intervencións.

Á citada reunión acudiron, así mesmo, con voz pero sen voto, os representantes do alumnado do PCEO e os vicedecanos/as das Facultades de Ciencias Empresariais e Turismo e de Dereito con competencias en ordenación académica.

No momento de elaboración do informe de coordinación non se dispón da acta da citada reunión, confeccionada pola coordinación do Grao en ADE e aínda pendente de aprobación.

4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade

No curso 2020/2021, a Comisión de Calidade da Facultade de Dereito adoptou os seguintes acordos, estimados relevantes dende a perspectiva da Coordinación:

- 27/11/2021:

1. Validación da memoria do Curso de Actualización Xurídica 2019-2020.
2. En relación cos escritos presentados polo alumnado respecto á proba de avaliación continua da materia de Dereito do traballo e da seguridade social: Remisión ao alumnado implicado dun escrito consensuado no que se poña de manifesto, dentro do marco das competencias da comisión de calidade, que os problemas técnicos acaecidos durante o desenvolvemento da proba de avaliación continua da materia Dereito do traballo e da seguridade social, realizada o día 10 de novembro de 2020, foron solventados dun xeito razoable, non implicando unha vulneración da guía docente nin do cronograma.
3. Validación da actualización dos procedementos DO-0301 (Información Pública e Rendemento de Contas) e MC-05 (Medición da satisfacción dos grupos de interese).
4. Validación da actualización do mapa de procesos e a listaxe de procedementos en vigor.

- 17/12/2021:

1. Validación dos informes finais de avaliación do PAT do curso 2019-2020 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en avogacía.
2. Validación dos Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2019-2020.
3. Delegación na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Sras. Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía da competencia para organizar a realización do informe de revisión do sistema pola dirección.
4. Respecto ao Plan de Melloras do Centro, acordos para:
 - a) Solicitar á área de Formación e innovación educativa que se inclúan como cursos de formación do persoal docente e investigador os xa realizados: Curso de actualización xurídica e Curso de iniciación a Moodle.
 - b) Preparar unha enquisa de satisfacción propia da titulación do Grao en Dereito para o alumnado do PCEO.
 - c) Preparar unha enquisa dirixida ao alumnado egresado para coñecer se están traballando ou se continúan formándose ou preparando oposicións.

- 20/05/2021:

1. Mantemento das metas asociadas aos obxectivos de calidade fixadas para o curso 2019/2020.
2. Actualización do Plan de Melloras do Centro cerrando as melloras propostas para o curso 2019/2020.
3. Validación do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2019/2020 incluíndo as modificacións acordadas pola comisión.
4. Validación do procedemento de Orientación ao alumnado e atención ás necesidades de apoio educativo CÓDIGO DO-0203 ÍNDICE 05 coas modificacións propostas.

5. Remisión dun escrito á Área de Calidade co obxecto de manifestar o descontento do centro respecto á información requirida ao Decanato no marco do programa de avaliación da actividade docente (Docentia anual) do curso 2019/2020 en relación coa valoración subxectiva da existencia de boas prácticas no desenvolvemento das clases de cada docente, das actividades de apoio e da avaliación, pese ás implicacións que a dita valoración pode ter nos vindeiros anos de cara a solicitude dun sexenio docente e a penalización que suporía para o profesorado a non adquisición da máxima puntuación.

6. Remisión á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado da seguinte declaración de interese sobre a participación da Facultade de Dereito na definición das titulacións de Máster Universitario derivadas do estudo Galicia 2030: Expresar a complexidade de liderar algunha das titulacións propostas para o ámbito das ciencias sociais e xurídicas que se inclúen no estudo, pero manifestar un interese transversal e a dispoñibilidade do centro para propoñer materias concretas que poidan encaixar nas diferentes titulacións; non só nas do ámbito específico das ciencias sociais e xurídicas senón tamén noutros ámbitos (como o Máster en Xestión Sustentable e Avanzada da Auga, do ámbito das Ciencias, o Máster en E- health, de Ciencias da saúde, ou o Máster en Blockchain e Tecnoloxías DLT, de Enxeñería e Arquitectura).

- 14/07/2020:

1. Validación das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2021/2022.
2. Validación das guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2021/2022.
3. Validación do Informe de recertificación do Sistema de garantía de calidade e delegar na vicedecana de calidade a competencia para corrixir os erros non substanciais que se poidan detectar.
4. Validación da actualización do Plan de Melloras do Centro.
5. Validación do programa e data de celebración das Xornadas de acollida do Grao en Dereito e Mestrado Universitario en Avogacía e do Curso 3.5 correspondentes ao curso académico 2021-22.
6. Organización dunha nova edición do Curso de Actualización Xurídica para o vindeiro curso 2021/2022.
7. Organización dunha nova edición da Feira e do Foro de emprego xurídico para o curso académico 2021/2022, se a situación epidemiolóxica o permite.

4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2020/2021 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas –desenvolvidas, ben presencialmente, ben *on line*, atendendo as indicacións sanitarias vixentes:

FACULTADE DE DEREITO		
CURSOS CELEBRADOS NO ANO ACADÉMICO 2020/2021		
TÍTULO	ORGANIZACIÓN	DATA
Xornada de acollida. Introdución aos estudos de Dereito	D ^a Marta Fernández Prieto D ^a Susana Álvarez González	14/09/2020

Xornada de acollida. Mestrado universitario en Avogacía	D ^a M ^a M ^a Dolores Fernández Fustes D. Benjamín Mayo Martínez D. Roberto O. Bustillo Bolado	28/09/2021
V seminario de Derecho y Literatura	D. Pablo Bonorino D. Xosé Manuel Pacho Blanco	05/11/2020
Pensar el Derecho en el siglo XXI	D. Pablo Bonorino D. Xosé Manuel Pacho Blanco	12/11/2020
Seguridade e tratamento no ámbito penitenciario	D ^a Marta Fernández Prieto D ^a Susana Álvarez González	20/11/2020
Oratoria xurídica orientada ao exercicio da avogacía. Do medo ao pracer escénico	D ^a Marta Fernández Prieto D ^a Concepción Martínez Martínez	20/11/2020 ao 04/12/2020
Xuntos con Europa: oportunidades laborais na institucións europeas	Conferencia impartida polo alumno D. Isaías Basilio de Souza Estudante embaixador do programa EU Careers	27/11/2020
Curso 3.5 Orientación académica para estudantes de 3º curso de Grao en Dereito 4º curso do PCEO ADE- Dereito	D ^a Marta Fernández Prieto	01/02/2021
Metodoloxía xeral de autopsia	D ^a Marta Fernández Prieto D. Benjamín Mayo Martínez	09/04/2021
Mediación familiar	D ^a Inés C. Iglesias Canle	27/04/2021
A presentación do sistema portugués em materia de infancia e juventude. Algumas considerações sobre delinquência juvenil	D. Virxilio Rodríguez Vázquez D. Manuel Arias Carral D. José Ramón de Dios de Dios	05/05/2021

<i>Valoración do nexa de causalidade médico legal</i>	D ^a Marta Fernández Prieto D. Benjamín Mayo Martínez	07/05/2021
<i>Deseño e xestión dunha materia en Moodle (Nivel 1 e 2)</i>	D ^a Marta Fernández Prieto D. Lourdes Borrajo Diz	09/04/2021 ao 11/06/2021
<i>Curso de actualización xurídica 2020/2021</i>	D ^a Marta Fernández Prieto D ^a Susana Álvarez González D ^a Francisca Fernández Prol	Curso 2020/2021

4.2.3. Actuacións de promoción do centro.

Ao longo do curso 2020-2021 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro entre as que cómpre destacar:

- Celebración da Xornada de Acollida: o día 14 de setembro de 2020 celebrouse, a través do Campus Remoto, a “Xornada de acollida: introdución aos estudos de Dereito”, destinada a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o Grao en Dereito –así como o Programa Conxunto ADE-Dereito- e dando a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade.
Obxectivos:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Celebración do curso 3.5: o Curso de Orientación académica para estudantes de terceiro curso do Grao en Dereito e de cuarto curso do PCEO-ADE-Dereito, celebrouse o 1 de febreiro de 2021 a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo.
Obxectivos:
 - facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado, así como o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral
 - presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao (oferta de optativas, prácticas externas e extracurriculares)
 - dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Organización de actividades múltiples: malia as restricións sanitarias, desenvolvéronse na Facultade –no seu caso, a través do Campus Remoto-, conferencias, seminarios, congresos e xornadas sobre diversos temas xurídicos. Tales actividades foron publicitadas mediante folletos e carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de “Actualidade” - <http://dereito.uvigo.es/es/> -. Así mesmo, os eventos foron obxecto de comunicación á prensa.

4.2.3.1. Promoción internacional do centro a través do profesorado, PAS e alumnado participante en programas de mobilidade

- PDI:

Segundo os datos facilitados pola ORI, a petición da Coordinadora de Relacións Internacionais, no curso 2020-2021, ningún PDI da Facultade de Dereito participou en programas de Mobilidade. Ao marxe destes, sen embargo, un docente realizou unha estada de investigación en Reino Unido.

- PAS:

Segundo os datos facilitados pola ORI, a petición da Coordinadora de Relacións Internacionais, no curso 2020-2021, ningún PAS da Facultade de Dereito participou en programas de Mobilidade.

- Alumnado:

- Mobilidade ERASMUS:

- Grao: 12 alumnos/as
- PCEO: 2 alumnos/as (Así mesmo, unha alumna de PCEO realizará a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsas Propias da Universidade de Vigo no vindeiro cuadrimestre -mobilidade con América Latina, concretamente na Universidad Autónoma de Chile-).

- Mobilidade SICUE:

- Grao: 2 alumnos/as
- PCEO: 1 alumno/a

4.3. Incidencias e actuacións máis relevantes. Accións de mellora

4.3.1. Incidencias e actuacións máis relevantes

A. PRIMEIRO PERIODO

No primeiro período, requiríuse ao profesorado a elaboración de cronogramas das materias, sendo os mesmos obxecto de análise pola Coordinación, sinaladamente a efectos de elaboración do Google Calendar. Esta ferramenta, a disposición do alumnado na páxina web do centro, permite visualizar, por cursos académicos, as probas de avaliación continua fixadas polo profesorado. Elo permite evitar sobrecargas de traballo –de apreciarse exceso ou concentración de probas nuns mesmos días, solicítase ao profesorado cambios na planificación das tarefas-, así como unha mellor auto-organización do alumnado.

Cómpre salientar que, no primeiro período do curso 2020-2021, por mor da crise sanitaria provocada pola COVID-19, optouse por un sistema mixto de docencia, organizado como segue:

- Grao en Dereito:

- Primeiro curso: docencia presencial na Aula Magna da Facultade, ao permitir este espazo, así como o número de matriculados en 1º curso, o cumprimento das restricións de aforo e distancia mínima. De ser preciso, no caso de alumnado confinado, recórrase ao Campus Remoto.
- Segundo, terceiro e cuarto curso: docencia mixta, ao desenvolverse a docencia en grupo grande nunha aula con presenza do docente e parte do alumnado e, simultaneamente, noutra aula, denominada “espello”, na que o resto do alumnado asiste virtualmente á clase. De ser preciso, no

caso de alumnado confinado, recorreuse ao Campus Remoto. Así mesmo, os docentes con patoloxías ou circunstancias especiais determinantes dunha especial vulnerabilidade, autorizados a tal efecto, impartiron docencia a través do Campus Remoto.

- PCEO ADE-Dereito:
 - o Primeiro, segundo, terceiro, cuarto e quinto curso: docencia presencial ao permitir o número de matriculados, o cumprimento das restricións de aforo e distancia mínima. De ser preciso, no caso de alumnado confinado, recorreuse ao Campus Remoto.

Por outra banda, como consecuencia da situación de saúde pública provocada pola COVID-19, no segundo cuatrimestre autorizouse pola Vicerreitoría de Profesorado da Universidade de Vigo que as materias atribuídas aos profesores Fernando de Franco Paz e José Manuel García Sobrado se impartisen de xeito online. Correlativamente, para facilitar a presencialidade do alumnado nas aulas e garantir a igualdade de trato, a súas clases proxectáronse, seguindo o horario do Centro aprobado na Xunta de Facultade, tamén na correspondente aula da Facultade de forma correlativa a súa impartición a través do Campus Remoto.

As discrepancias relativas á obriga de impartición de docencia na modalidade presencial, manifestadas por algún docente, foron resoltas conforme ao sinalado polas Vicerreitorías de Organización Académica e Profesorado e Planificación. Sobre o particular, a Decana elevou consulta ás citadas Vicerreitorías nos termos seguintes (escrito de 3 de novembro de 2020):

“(i) Que, mediante correo electrónico remitido a la secretaría del Decanato en la tarde de ayer, lunes, 2 de noviembre, el Prof. José Manuel García Sobrado, Profesor asociado del Área de Derecho Penal, reenvió un correo del vicerrectorado de Ordenación Académica y Profesorado, en el que, según indica el profesor, se deriva “responsabilidad a ese Decanato en materia de provisión de material para clases online”.

(ii) Que, según se refleja en los correos intercambiados entre el Prof. García Sobrado y el vicerrectorado, con fecha 22 de octubre y a tenor de la sentencia de 5 de octubre de 2020, dictada por el Juzgado de lo Social núm. 1 de Ourense en Procedimiento de protección de Derechos Fundamentales 561/2020, que condenó a la UVIGO a autorizar la impartición de clases no presenciales al citado profesor y a la luz de una consulta previa del Ministerio de Trabajo, que no se traslada al Decanato, el Prof. García Sobrado solicita a la Universidad la dotación de los medios para impartir la teledocencia, ordenador adecuado y wifi portátil con capacidad suficiente para la transmisión, que, según afirma la “empresa está obligada” a proporcionarle sobre la base de la consulta formulada.

(iii) Que la respuesta por parte del vicerrectorado, mediante correo remitido por la secretaria del vicerrectorado, Dña. Mela Coello, fue del siguiente tenor: “La dotación de material para la realización de actividades docentes es competencia de los centros, que son los que organizan dicha actividad, por lo que tiene que trasladar su solicitud al Decanato correspondiente”.

(iv) Que, con fecha 3 de noviembre, se dio respuesta al correo del Prof. García Sobrado, con copia a los vicerrectores de Ordenación Académica y Profesorado y de Planificación, asumiendo el Decanato la obligación de facilitarle un dispositivo de la dotación del centro y de “acometer la solución que nos trasladen desde el equipo rectoral para poder impartir docencia desde el domicilio del profesor, con posibilidad de extensión al resto del profesorado del centro, incluida la dotación de wifi”.

A tal efecto, y teniendo en cuenta el art. 47 bis del Estatuto Básico del Empleado Público –artículo introducido por Real Decreto-ley 29/2020, de 29 de septiembre, de medidas urgentes en materia de teletrabajo en las Administraciones Públicas y de recursos humanos en el Sistema Nacional de Salud para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19-, que considera teletrabajo “aquella modalidad de prestación de servicios a distancia en la que el contenido competencial del puesto de trabajo puede desarrollarse, siempre que las necesidades del servicio lo permitan, fuera de las dependencias de la Administración, mediante el uso de tecnologías de la información y comunicación” y exige que la Administración proporcione a las personas que trabajen en esta modalidad, “los medios tecnológicos necesarios para su actividad”, ante las dudas suscitadas y a efectos de que todo el profesorado del centro -incluido el personal laboral, a quien se aplica igualmente dicho precepto y no el RD-ley 28/2020- tenga la misma cobertura desde la Universidad de Vigo, en su calidad de Administración empleadora,

SOLICITO respuesta a las siguientes cuestiones:

1º Si la docencia virtual del personal vulnerable se considera a efectos del EBEP teletrabajo y tiene que prestarse desde el domicilio del profesor o bien debe prestarse desde las dependencias de la Administración (el despacho del profesor o cualquier otra dependencia universitaria que reúna las condiciones sanitarias requeridas) y solo puede prestarse desde su domicilio “cando dispoña dos elementos técnicos necesarios para facelo”, tal y como se indica en la Instrucción del vicerrectorado de Ordenación Académica y Profesorado de 3 de octubre de 2020, que modifica la instrucción de 17 de septiembre de 2020 sobre medidas aplicables al PDI de la Universidad de Vigo en situación de vulnerabilidad al SARS-CoV-2.

2º Si, en caso de que el profesor desee y pueda impartir docencia virtual desde su domicilio aun careciendo de los elementos técnicos necesarios para ello, debe la Universidad proporcionarle los medios tecnológicos necesarios y si esa obligación de “dotación de material para la realización de actividades docentes” compete al centro y no a la Universidad, tal y como se le indica al Prof. García Sobrado por la secretaria del vicerrectorado de Ordenación Académica y Profesorado. 3º Y si, en caso de que la obligación de proporcionar los medios tecnológicos compete a la Facultad de Derecho, sin que se le pueda exigir al profesorado para impartir clase desde su domicilio que disponga de los elementos técnicos necesarios, nos indiquen qué medios tecnológicos concretos deben proporcionarse al profesorado y, especialmente, si esos medios incluyen la dotación de wifi portátil que solicita el profesor”.

En resposta á citada consulta, a Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo respostou: “entendemos que a regulación recollida na Instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado de 3 de outubro de 2020, que modifica a Instrución de 17 de setembro de 2020, non podería en principio considerarse unha disposición que desenvolva o teletraballo nos termos que se contemplan no artigo 47 bis do TREBEP, xa que non se axusta á figura e características deste. Polo mesmo, non lle sería de aplicación a regulación do artigo, senón que a regulación aplicable sería a propia Instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado de 3 de outubro de 2020, que modifica a Instrución de 17 de setembro de 2020, que é a que regula este tipo de docencia para a situación actual e concreta da docencia virtual do PDI en situación de vulnerabilidade ao SARS-CoV-2, sen prexuízo de que a Universidade na organización e desenvolvemento desta docencia puidese contemplar aspectos como os que se plantexan na presente consulta, ante as situacións particulares que puidesen presentarse, dentro das súas competencias organizativas”

No primeiro período do curso 2020-2021, as reunións de coordinación, con representantes de alumnos e docentes, mantivéronse virtualmente a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

No marco das Reunións de Coordinación mantidas cos representantes do alumnado os días 18 e 19 de novembro de 2020 (Grao e PCEO, respectivamente), non se puxéronse de manifesto incidencias graves, dándose traslado das disfuncións referidas a materias concretas ao profesorado implicado. As actas das citadas xuntanzas mantidas cos representantes de alumnos/as de Grao e PCEO, así como da xuntanza co profesorado, celebrada o 27 de novembro de 2020, poden consultarse no apartado 6, Anexos.

No primeiro período do curso 2020-2021, a incidencia máis salientable, produciuse no marco da materia Dereito do Traballo e da Seguridade Social como consecuencia dos problemas técnicos xurdidos con ocasión da celebración dunha proba parcial desenvolvida, o día 10 de novembro de 2020, telemáticamente a través da plataforma Faitic. A devandita proba determinou a presentación, perante o Decanato, dun escrito polo delegado de 3º curso –solicitando *“la solución a la controversia acaecida en el día 10 de noviembre de 2020 a las 10 horas y la nulidad de la prueba oral realizada el 12 de noviembre de 2020 por ir en contra de la normativa establecida. Y que haga valer los derechos y tome acciones necesarias para asegurar y garantizar la efectividad de estos en cumplimiento del marco normativo vigente”-*, así por parte da alumna Beatriz Varela Pozo –*“SOLICITANDO que se repita el examen bajo la misma modalidad tipo test tal y como está prevista en la guía docente y la anulación del examen ORAL, ya que no pone a todos los alumnos en igualdad de condiciones y además esa decisión vulnera también lo estipulado en la guía docente”-*

Segundo a información proporcionada polos docentes da materia, os feitos poden resumirse como segue (escrito dirixido pola Coordinadora da materia –a Profª. Fernández Prieto- e demais profesores da materia –Profª. Fernández Prol, Profª. Castro Batán e Prof. González Gil- a Presidenta da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, D.ª Lourdes Borrajo Diz e á Vicedecana de Ordenación Académica da Facultade de Dereito, D.ª Susana Álvarez González):

“Primero: Con fecha 10 de noviembre, conforme a lo previsto en los cronogramas de la materia para el Grado y para el PCEO y en las guías docentes, a las 9:30 horas se celebró la prueba de evaluación tipo test de los diez primeros temas del programa con preguntas de carácter teórico y de carácter práctico.

Segundo: Para la realización de la prueba se utilizaron los cuestionarios de la plataforma de teledocencia Faitic, en Caroline, para reducir, en la medida de lo posible, el intercambio de documentos en papel y sustituir el papel por formatos electrónicos, conforme a lo recomendado en el Plan de prevención y control sanitario frente a la COVID-19 para el curso 2020-2021 de la Facultad de Derecho. Se pretendía con ello también que todos los estudiantes realizaran la prueba en igualdad de condiciones –y no solo los que estuviesen confinados o en cuarentena por efectos de la COVID-19 o los que, por tener síntomas compatibles permaneciesen en sus casas-. Se ofreció, no obstante, la opción de hacer la prueba de forma telemática presencialmente en la Facultad, en el Aula Aranzadi, para tratar de prever situaciones de falta de dispositivos o de conexión en los domicilios particulares.

Tercero: El viernes previo a la prueba, 6 de noviembre, se remitió por correo electrónico a través de un anuncio de Faitic información detallada sobre la prueba de evaluación –número y formato de preguntas (50 con 4 respuestas posibles y una válida, aleatorias y desordenadas), puntuación de las respuestas acertadas (0.2) y de las respuestas falladas (-0.1), tiempo de realización de la prueba (55 minutos)...-. Se indicaba, además, que la realización de la prueba comenzaría a las 9:40 horas, que a las 9:30 el profesorado se conectaría a través del Campus Remoto de la Uvigo en el Aula 1.1 para resolver cualquier duda previa y que al menos uno de los profesores estaría conectado a través del

Campus Remoto durante toda la prueba y se facilitaban ya varios teléfonos y direcciones de correo para que los alumnos pudiesen comunicar posibles incidencias técnicas.

Cuarto: Las Prof.^{as} Fernández Prieto y Fernández Prol se conectaron, conforme a lo indicado a través del Campus remoto, a las 9:30 horas al Aula 1.1, estando, además, presente en el Aula Aranzadi la Prof.^a Fernández Prol a disposición de un estudiante, que solicitó realizar la prueba desde la Facultad.

Quinto: La prueba se desarrolló con normalidad durante algo más de la mitad del tiempo concedido, hasta que comenzaron a comunicarse problemas técnicos por parte de un elevado número de alumnos tanto a través del chat como de los teléfonos y correos electrónicos facilitados. En la mayor parte de los casos esos problemas consistieron en la ralentización de la plataforma y la lentitud para cambiar de pregunta. En el Aula Aranzadi también se produjo esa ralentización. El cuestionario se había configurado para hacer de forma secuencial, una pregunta por página, lo que dificultaba moverse hacia adelante o hacia atrás.

Sexto: Para afrontar la incidencia se informó a los estudiantes a través del Campus Remoto de que se concederían 10 minutos adicionales para la realización de la prueba y que, por tanto, el tiempo pasaba a ser de 65 minutos -1 hora y 5 minutos-. Al persistir los problemas y comunicar algún estudiante que se le había bloqueado la plataforma se ofreció la opción en el chat de hacer una nueva prueba tipo test el propio martes, 10 de noviembre, a las 16:00 horas para todo aquel estudiante que hubiese tenido problemas técnicos y no enviara la prueba realizada a través de Faitic. En el chat del Campus Remoto varios alumnos manifestaron su imposibilidad de realizar la prueba y ninguno se manifestó a favor, lo que motivó que las profesoras comunicasen que, al finalizar la prueba, intentarían buscar una opción para que los estudiantes que hubiesen tenido problemas técnicos pudiesen ser evaluados correctamente.

Séptimo: Aunque se limitó el tiempo de realización del examen, la plataforma se dejaba disponible durante 10 minutos más para que, si, como consecuencia Facultad de Dereito 3 de los problemas técnicos, se producía algún retardo en el envío por los estudiantes, no se vieran perjudicados y el cuestionario pudiera ser recuperado. No obstante, en ningún momento se mencionó durante el examen la hora de entrega y siempre se habló de los minutos concedidos para su realización: 55 inicialmente y 10 minutos más durante el desarrollo del examen. En todo momento la aplicación informa al alumnado del tiempo consumido así como del tiempo máximo permitido, aunque esa información, curiosamente, no se refleja en el pantallazo remitido por el alumno D. José Manuel González Borrajo, que figura en la página de acceso al cuestionario y que también se muestra durante la realización de la prueba, junto con la del tiempo máximo permitido y el tiempo consumido que figuran primero.

Octavo: Al finalizar la prueba y pese a la ampliación de los 10 minutos, constatado que un elevado número de alumnos habían entregado la prueba fuera de plazo, siendo su calificación por ese motivo igual a 0, las profesoras a las que se comunicaron los problemas técnicos optamos por corregir todas las pruebas realizadas, con independencia del tiempo de exceso en su realización, penalizando la entrega fuera de plazo en -0.2 puntos por minuto de retraso en la entrega. Al ser numerosas las incidencias, consideramos razonable ofrecer a todos los alumnos, incluso a los que habían remitido telemáticamente la prueba a través de la plataforma, la posibilidad de realizar un examen oral el jueves, día 12 de noviembre si no estaban conformes con la calificación obtenida debido a los problemas técnicos y mantener la calificación obtenida en la prueba a los alumnos no disconformes con la misma. Para organizar la prueba presencialmente y evitar aglomeraciones de alumnos en los pasillos, se les pedía que remitiesen un correo a lo largo del propio día, antes de las 19:00 horas.

Noveno: Fueron numerosas las protestas de los alumnos fundamentalmente frente a: 1. La penalización de -0.2 puntos por minuto de retraso en la entrega, al entender que el retraso se había debido en muchos casos a la propia ralentización de la plataforma, afirmando que habían entregado el examen en plazo. 2. La prueba oral ofrecida como única alternativa posible, sin opción a realizar una prueba tipo test presencialmente. Las quejas fueron respondidas individualmente por correo electrónico y también de forma colectiva, a través del delegado de los alumnos de 3º de Grado, que la propia mañana subió al despacho de la coordinadora de la materia y en el aula, ante los estudiantes del PCEO, a primera hora de la tarde. En la respuesta se trató de evidenciar la difícil postura también del profesorado ante los problemas técnicos padecidos y la búsqueda de una solución para que los estudiantes que no hubiesen obtenido la calificación que mercedían pudiesen presentarse a una prueba oral en una fecha lo más cercana posible a la prevista para la prueba ya realizada. Con todo, puesto que al inicio del Cuestionario se había dicho que debía remitirse en plazo, pero que si se remitía unos segundos más tarde, hasta un minuto, para evitar perjuicios debidos a problemas técnicos se corregiría igualmente, el profesorado decidió eliminar la penalización de -0.2 puntos por el primer minuto.

Décimo: Finalizado el plazo de solicitud de la prueba oral, el propio martes, se remitió un nuevo correo a través de un anuncio en Faitic organizando el desarrollo de la prueba oral para el día 12 de noviembre, individualizando la hora de comienzo para no interferir en el desarrollo de otras materias y evitar la aglomeración de los estudiantes en los pasillos.

Undécimo: Ante las dudas planteadas por algunos estudiantes sobre el modo de desarrollo de la prueba oral, el miércoles, 11 de noviembre se remitió un nuevo correo informando de la forma de proceder: sorteo de dos temas, de los que la profesora elegiría un epígrafe o subepígrafe y se le concederían 5 minutos para la preparación de un esquema antes de exponer la respuesta.

Duodécimo: El día 11 de noviembre, después de las 21:00 horas mediante dos correos electrónicos remitidos a la coordinadora once estudiantes nos comunicaron que "Tras todo el día pensándolo y hablándolo entre compañeros, le mandamos a continuación los nombres de algunos de nosotros los cuales no nos vamos a presentar al examen, ya que nos ha pillado de sorpresa y hemos carecido de tiempo para poder esperar a hablarlo con vosotras y llegar a algo entre todos, consideramos que no hemos tenido tiempo suficiente para preparar el examen de otra manera a la establecida en la guía docente y a la que nuestros compañeros han realizado. Sentimos las molestias, y el avisar a estas horas, pero consideramos más oportuno decirlo ahora aunque sea tarde que mañana no aparecer allí".

Decimotercero: El día 12 de noviembre se desarrolló la prueba oral, a la que se presentaron 5 estudiantes, si bien una alumna solicitó retirarse después del sorteo. Los alumnos restantes consiguieron obtener la calificación mínima de 4 que se exige para liberar la primera parte del temario, siempre que el estudiante obtenga una calificación final superior a 5 como nota media de las pruebas evaluables. Solo uno de los estudiantes presentados obtuvo una calificación de 5.

Decimocuarto: Los resultados finales de la prueba, computados los 5 estudiantes que concurrieron al examen oral, fueron los siguientes: -32 alumnos suspensos, de los que 11 obtuvieron una puntuación de 4 o superior. -40 alumnos aprobados, de los que 24 obtuvieron una calificación de aprobado (5-6.9), 15 notable (7-8.9) y 1 sobresaliente (9.4). Los dos alumnos que obtuvieron la mayor calificación hicieron el examen en 51 minutos y 3 segundos (9.4) y en 30 minutos y 3 segundos (8.8).

Decimoquinto: Conforme a lo previsto en la guía docente, los estudiantes que hayan obtenido menos de un 4 en el examen de preguntas objetivas podrán continuar en evaluación continua y presentarse en la convocatoria de

diciembre-enero, además de al examen de preguntas de desarrollo, a la parte que tenga suspenso, si bien el examen será de preguntas de desarrollo para la totalidad del programa”.

A Coordinadora e os docentes da materia solicitaron da Comisión de Calidade “*evaluar la situación denunciada, alorando la incidencia producida durante el desarrollo de la prueba y las medidas adoptadas para, en su caso, considerar que el proceder del profesorado ha sido adecuado para tratar de ofrecer una solución excepcional al alumnado, ante los problemas técnicos habidos, o bien, si la comisión estima que el proceder no ha sido el que correspondería al adecuado cumplimiento de las obligaciones docentes, instar la adopción de las medidas necesarias. En este segundo caso, teniendo en cuenta los problemas técnicos habidos, entendemos que la única opción posible sería anular la prueba realizada el 10 de noviembre, requiriendo al profesorado la realización de una nueva prueba tipo test a todo el alumnado, opción perjudicial para los estudiantes que realizaron la prueba y están conformes con la calificación obtenida*” (escrito de 17 de novembro de 2020).

A Comisión de Calidade, na súa xuntanza de 27 de novembro de 2020, acordou “*Remitir ao alumnado implicado un escrito consensuado no que se poña de manifesto, dentro do marco das competencias da comisión de calidade, que os problemas técnicos acaecidos durante o desenvolvemento da proba de avaliación continua da materia Dereito do traballo e da seguridade social, realizada o día 10 de novembro de 2020, foron solventados dun xeito razoable non implicando unha vulneración da guía docente nin do cronograma*”. No devandito Acordo non participaron, á petición das interesadas, as Prof^{as}. Fernández Prieto e Fernández Prol, membros da citada Comisión e docentes da materia na que se produciu a incidencia.

Formulada reclamación ante a Valedora Universitaria, con data do 3 de decembro de 2020, esta sinalou: “*ante as incidencias técnicas na plataforma de teledocencia Faitic acontenidas no desenvolvemento da proba tipo test da materia Dereito do traballo e da seguridade social, o ofrecemento por parte do profesorado responsable da realización dun exame oral ao alumnado desconforme coa cualificación obtida como consecuencia das citadas dificultades técnicas, contraría o disposto na guía docente e provoca unha desigualdade no trato de parte do estudantado que se presentou ao exame. En consecuencia, esta valedora recomenda que se adopten as medidas oportunas por parte do Decanato do centro para facilitar a eses estudantes desconformes coa cualificación que se presenten a unha nova proba tipo test axustada ao previsto na guía docente e debidamente publicitada con antelación*”.

Dende o Decanato da Facultade de Dereito, a Vicedecana de Organización Académica e Profesorado, D^a. Susana Álvarez González, respostou mediante escrito de 28 de decembro de 2020, sinalando: “*Ante a recomendación 2020/23, do 22 de decembro de 2020, da Sra. valedora universitaria da Universidade de Vigo, sen carácter vinculante, que aconsella ao Decanato adoptar as medidas oportunas para facilitar aos “estudantes desconformes coa cualificación que se presenten a unha nova proba tipo test axustada ao previsto na guía docente e debidamente publicitada con antelación”, o Decanato informa que apoia, fronte á recomendación, o acordo da Comisión de calidade do centro, na que están representados todos os sectores da comunidade universitaria da Facultade, que entendeu que os problemas técnicos acaecidos o 10 de novembro durante o desenvolvemento da proba de avaliación continua na materia Dereito do traballo e da seguridade social foron solventados dun modo razoable, sen vulneración da guía docente nin do cronograma –acordo fundamentado mediante un informe exhaustivo que foi remitido á Sra. Valedora-. En consecuencia, limitouse a dar traslado da recomendación aos profesores da materia Dereito do traballo e da seguridade social, impartida en 3º curso do Grao en Dereito e de 5º curso do PCEO ADE-Dereito*”.

Recibida a recomendación da Valedora polos docentes da materia Dereito do Traballo e da Seguridade Social, estes acordaron: “*Repetir la prueba tipo test el día 12 de enero de 2021, a las 10:00 horas, para evitar los perjuicios*

que puede comportar a una buena parte del alumnado afectado una dilación del proceso en el tiempo, así como el conflicto de intereses que puede generarse al ser la decana la coordinadora de la materia afectada” (extracto do anuncio remitido ao estudantes a través da Plataforma Faitic).

B. SEGUNDO PERIODO

No segundo período, requeriuse ao profesorado a elaboración dos cronogramas das materias, sendo os mesmos obxecto de análise pola Coordinación, sinaladamente a efectos de elaboración do Google Calendar. Esta ferramenta, a disposición do alumnado na páxina web do centro, permite visualizar, por cursos académicos, as probas de avaliación continua fixadas polo profesorado. Elo permite evitar sobrecargas de traballo –de apreciarse exceso ou concentración de probas nuns mesmos días, solicítase ao profesorado cambios na planificación das tarefas-, así como unha mellor auto-organización do alumnado.

Cómpre salientar que, no segundo período do curso 2020-2021, por mor da crise sanitaria provocada pola COVID-19, mantívose o sistema mixto de docencia, organizado como segue:

- Grao en Dereito:
 - o Primeiro curso: docencia presencial na Aula Magna da Facultade, ao permitir este espazo, así como o número de matriculados en 1º curso, o cumprimento das restricións de aforo e distancia mínima. De ser preciso, no caso de alumnado confinado, recorreuse ao Campus Remoto.
 - o Segundo, terceiro e cuarto curso: docencia mixta, ao desenvolverse a docencia en grupo grande nunha aula con presenza do docente e parte do alumnado e, simultaneamente, noutra aula, denominada “espello”, na que o resto do alumnado asiste virtualmente á clase. De ser preciso, no caso de alumnado confinado, recorreuse ao Campus Remoto. Así mesmo, os docentes con patoloxías ou circunstancias especiais determinantes dunha especial vulnerabilidade, autorizados a tal efecto, impartiron docencia a través do Campus Remoto.
- PCEO ADE-Dereito:
 - o Primeiro, segundo, terceiro, cuarto e quinto curso: docencia presencial ao permitir o número de matriculados, o cumprimento das restricións de aforo e distancia mínima. De ser preciso, no caso de alumnado confinado, recorreuse ao Campus Remoto.

No segundo período do curso 2020-2021, as reunións de coordinación, con representantes de alumnos e docentes, mantivéronse virtualmente a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

No marco da Reunión de Coordinación mantida cos representantes do alumnado de Grao e PCEO –con data do 16 de abril de 2021- non se puxéronse de manifesto incidencias graves, dándose traslado das disfuncións referidas a materias concretas ao profesorado implicado. A acta da citada xuntanza mantida cos representantes de alumnos/as de Grao e PCEO, así como da xuntanza co profesorado, celebrada o 9 de abril de 2021, poden consultarse no apartado 6, Anexos.

No segundo período do curso 2020-2021, resulta salientable a incidencia producida na materia optativa “Dereito de danos e responsabilidade civil” do Grao en Dereito, que pode resumirse como segue:

1. O 18 de xuño de 2021 recíbese un correo na Secretaría do Decanato dos alumnos Carmen Álvarez y Lois Guitián, matriculados na materia optativa de 4º curso que imparte o Prof. De Franco Paz, no que se indica que o citado docente

lles comunicou que non serían obxecto de avaliación, aínda que fixeron as correspondentes probas, ao considerar que unha das prácticas da materia foi copiada e que dita circunstancia pode ser obxecto de sanción disciplinaria; situación se comunicará polo Profesor á Reitoría. A mesma situación esténdese a maioría das materias que imparte o profesor.

2. Ante tal situación, a Vicedecana de organización académica contacta co profesor para recabar información e, no seu caso, plantexar a cuestión na Comisión de Calidade. A Vicedecana advirtelle ao profesor que, segundo o seu criterio, a falta de coñecemento da súa nota polos alumnos pode colisionar, entre outras normas, co artigo 3, punto 11, do vixente Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo aprobado o 13 de abril de 2021, que indica expresamente o dereito do alumnado: "11. A conocer sus calificaciones antes de que estas sean definitivas, a obtener por parte del profesorado responsable las aclaraciones que necesite sobre el proceso de evaluación y las indicaciones para mejorar los resultados obtenidos, así como a recurrir las calificaciones en el caso de disconformidad una vez que sean definitivas". Seguindo este precepto, ínstase, xa que logo, á publicación das cualificación para garantir os dereitos sinalados.

3. Recíbese resposta do profesor nos seguintes termos, que se reproducen parcialmente no xurídicamente relevante: "*Por otra parte, desde el punto de vista jurídico: 1.- Mi deber legal es denunciar hechos como estos, relativos a la presentación de las mismas prácticas por parte de alumnos, valiéndose de que la docencia fue a distancia durante el cuatrimestre. 2.- Cuando se inicia un procedimiento disciplinario relativo, como en este caso, a calificaciones, se abre un periodo de suspensión de la evaluación de los alumnos implicados, hasta que sea resuelto el procedimiento disciplinario. Aquí no se trata de iniciar una información reservada. Por supuesto, tengo todas las prácticas que presentaron, y serán adjuntadas con la solicitud de iniciación del procedimiento disciplinario. 3.- Si no se abriese ese periodo de suspensión, se me estaría obligando a llevar a cabo un absurdo jurídico, que sería el tener que valorar prácticas que considero -sé leer, por cierto- semejantes, atenderlos en una revisión de exámenes, plasmar su supuesta calificación en las actas, o corregir sus exámenes en la segunda edición (julio). Yo no puedo decidir qué hacer en esta situación, porque vivimos en un Estado de Derecho. 4.- Una vez resuelto el expediente disciplinario, puede suceder que no sean sancionados, o sí, y en este caso, que la sanción sea leve, o grave. 5.- La normativa que citas en tu correo opera cuando no se producen hechos como estos. También que solicitaré la apertura de procedimientos disciplinarios a varios alumnos de Derecho Civil II, por hechos semejantes*".

4. Tendo en conta a resposta, elévase, pola Vicedecana de Organización Académica, unha consulta á Asesoría Xurídica, informando estas nos termos seguintes:

"En relación coa consulta formulada, emítase o seguinte

INFORME:

Primeiro.- As primeiras cuestións que se formulan son as seguintes:

"1. ¿Es obligatorio, siguiendo lo dispuesto en la LOU, en los Estatutos de la Universidad de Vigo y el Reglamento de Estudiantes de esta Universidad, la publicación de la notas obtenidas por los alumnos/as en la pruebas de evaluación a las que se presentan? Si un estudiante no parece en los listados tras haberse presentado a correspondiente examen, ¿cómo debe proceder de cara a garantizar sus derechos si el profesorado no le informa de la calificación?"

2. ¿Es obligatorio, según la normativa antes citada, la realización de revisión de las pruebas de evaluación en fecha y hora determinada previamente por el profesorado? Si a un estudiante no se le da acceso a la revisión, ¿cómo debe proceder de conformidad con la normativa señalada?"

O artigo 3 do Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo establece os dereitos básicos do estudantado, entre eles os seguintes: “Todo el estudiantado de la Universidade de Vigo tiene los siguientes derechos: 9. A ser siempre evaluado, con objetividad, en su rendimiento académico, según los criterios de evaluación previamente establecidos y conocidos con anterioridad al período de matrícula. 11. A conocer sus calificaciones antes de que estas sean definitivas, a obtener por parte del profesorado responsable las aclaraciones que necesite sobre el proceso de evaluación y las indicaciones para mejorar los resultados obtenidos, así como a recurrir las calificaciones en el caso de disconformidad una vez que sean definitivas”.

Por tanto, o alumnado ten dereito a ser avaliado e a coñecer as súas cualificacións de conformidade co exposto no artigo antedito. Tamén se establece o dereito á revisión das probas de avaliación. No caso de que non se lle respecten tales dereitos, o alumnado pode presentar reclamación escrita poñendo de manifesto a situación que corresponda.

Segundo.- Formúlase tamén a seguinte cuestión:

“3. En el supuesto de contestar afirmativamente a las dos preguntas anteriores, esto es, que es obligatoria la comunicación de calificaciones y la revisión de pruebas, en el caso de apertura de actuaciones disciplinaria, ¿deben garantizarse igualmente estos derechos del alumnado y en qué términos?”

Cabe decir que non se establecen excepcións a estes dereitos, nin na normativa de estudantes nin na de réxime disciplinario, polo que deben garantirse nos mesmos termos que aos demais alumnos.

Terceiro.- Pregúntase tamén o seguinte:

“4. Por último, en los supuestos de apertura de diligencias por actuaciones presuntamente ilegales del alumnado, ¿sería posible la no calificación de un alumno/a que acude a un examen, esto es, considerarlo “no presentado” a efecto de actas, alegando estas diligencias? En este caso afirmativo, ¿cómo se garantizan los derechos de los estudiantes a posteriori una vez resuelto el expediente?”

Sobre estes supostos debemos referirnos ao Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, que remite na súa disposición adicional segunda a un posterior desenvolvemento regulamentario no que se refire á potestade disciplinaria, pero tal desenvolvemento aínda non se ten producido na data actual xa que aínda está en trámite a Lei de Convivencia Universitaria.

Por tanto, a regulación actual existente sería a contemplada no Regulamento de disciplina académica, de 8 de setembro de 1954, do que se declarou a súa derogación pero entendemos que seguiría sendo aplicable en tanto non entre en vigor a Lei de Convivencia Universitaria, ante o baleiro legal producido.

Deste xeito, se un profesor/a detecta que un alumno cometeu algunha conduta que puidese ser susceptible de responsabilidade disciplinaria pode presentar a correspondente denuncia perante o Reitor, que dará lugar, de ser o caso, á incoación e tramitación do correspondente expediente disciplinario. Considerar, por causa da tramitación dun procedemento disciplinario, a un alumno como “non presentado” en principio non podería facerse, posto que sería anticipar unha sanción, que só podería impoñerse tralo remate do expediente, no seu caso. Só sería posible no suposto de que se acordase unha medida provisional ou cautelara nese sentido, o que só podería facerse polo órgano competente, consonte co previsto artigo 56 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común. O Regulamento de disciplina académica, de 8 de setembro de 1954 no seu artigo 19 prevé o seguinte: “Art. 19. La autoridad que acuerde la instrucción de un expediente disciplinario, en cualquier momento de la tramitación del mismo, podrá

ordenar, de oficio o a propostas del Juez instructor, la suspensión de empleo o la de empleo y sueldo del inculpado y, en su caso, de los derechos anejos a la condición de escolar". Débese lembrar, non obstante, que tal Regulamento é preconstitucional e debe interpretarse á luz da Constitución, coas maiores garantías posibles e tendo presente o respecto á presunción de inocencia".

5. Non obstante, antes da recepción do citado informe da Asesoría Xurídica (de 28 de xullo de 2021), procédese a apertura dunha información reservada, non susceptible de tratamento polos órganos do centro por carecer de competencias nese ámbito segundo os Estatutos da Universidade.

4.3.2. Accións de mellora para o curso 2021/2022

En relación coa coordinación do Grao e Simultaneidade, as propostas de mellora serían as seguintes:

- Sincronización dos calendarios académicos das Facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo
- Elaboración dun calendario conxunto de probas de avaliación continua para detectar solapamentos e sobrecargas de traballo.

No relativo ao Plan de Acción Titorial:

Con data do 8 de xullo de 2021, aprobouse o Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de Dereito, no que se recolle o conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. O devandito PAT-ANAE incorpora novidades relevantes respecto do PAT anteriormente vixente, polo que no curso 2021-2022 procederase a implantación e avaliación deste novo modelo.

En todo caso, analizada a participación e resultados dos cuestionarios de satisfacción cumprimentados por alumnos titorizados, profesores-titores e alumnos titores, estímase necesario:

- Proseguir na utilización de formularios telemáticos para avaliar o grao de satisfacción dos axentes implicados.
- Analizar, no marco da Comisión de Calidade, as respostas e propostas realizadas, nas enquisas correspondentes, polos axentes implicados.

Así mesmo, estímase necesario analizar, no marco da Comisión de Calidade, o desenvolvemento do novo modelo de PAT-ANAE, confrontando os seus resultados co Plan ata entón vixente.

En relación coa coordinación das prácticas externas, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

1. Incluír novos ámbitos profesionais na oferta de prácticas para o vindeiro curso, que sexan atractivos para o alumnado e que encaixen nalgunhas das mencións de cuarto curso do Grao.
2. Sinatura de novos Convenios que permitan o desenvolvemento do sinalado na primeira proposta.
3. Potenciar a realización de prácticas curriculares e extracurriculares durante o curso 2021-2022.

En relación coa coordinación de relacións internacionais e programas de mobilidade: Non se propoñen accións de mellora.

En relación coa coordinación da materia de TFG:

- Habilitar Moovi como plataforma de teledocencia
- Prever, respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio:
 - a) Que, a instancia do alumno que participa no programa de mobilidade ou intercambio, poida asignarse directamente como persoa titora do TFG ao profesor da Facultade de Dereito proposto por el mesmo, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento.
 - b) Que, en relación coa avaliación do TFG polo Tribunal designado para o curso académico que corresponda e o desenvolvemento da defensa pública ante o devandito tribunal, se aplique ao alumnado que participa no programa de mobilidade ou intercambio os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que conorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.
- Manter, con carácter xeral, a titorización e as propostas temáticas dos Traballos de Fin de Grao asignadas nos dous cursos anteriores para o alumnado que se presente ao primeiro ou segundo prazo de defensa (novembro e febreiro) habilitados en cada curso académico.

5. Conclusións

As accións desenvolvidas –entre outras, reunións de coordinación co alumnado, reunións de coordinación co Profesorado, Plan de Acción Titorial, Coordinación do alumnado implicado en programas e accións de mobilidade, Coordinación da materia TFG, Coordinación de Prácticas Externas..- garanten un rigoroso cumprimento da Memoria do Grao en Dereito. Ademais, aportan á Comisión de Calidade e ao Decanato información relevante relativa ao proceso de implantación do Sistema de Garantía da Calidade na Facultade de Dereito, tanto no marco do Grao en Dereito e como respecto do Plan Conxunto ADE-Dereito. Tales accións, por outra banda, e malia a suspensión da docencia presencial e aplicación de medidas sanitarias excepcionais, non se detiveron, optándose polo desenvolvemento telemático das mesmas.

A análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e Plan Conxunto ADE-Dereito permite acadar as conclusións seguintes:

- Na Facultade de Dereito, o desenvolvemento da docencia, así como doutras actividades complementarias, non se viu afectado por disfuncións notables ou de carácter substanciais.
- As disfuncións detectadas –menores ou accesorias e, a miúdo, vinculadas á aplicación de medidas extraordinarias por mor da pandemia (docencia mixta, aforos reducidos...)- foron obxecto de análise detallada e posterior resolución conforme á normativa de aplicación.
- Malia o balance positivo do Curso 2020-2021, propóñense, *ad futurum*, varias accións, dirixidas a proseguir na mellora continua da titulación.

6. Anexos

Para completar a información, achéganse, en Anexos, os documentos seguintes:

- ANEXO I: Actas de reunións de coordinación
- ANEXO II: Informe Seguimento TFG
- ANEXO III: Informe sobre cooperación con institucións e empresas para a realización de prácticas curriculares no curso 2020/2021 e proposta, se procede, de melloras para o curso 2021/2022
- ANEXO IV: Informe de seguimento. Relacións Internacionais.
- ANEXO VI: Informe Final Revisión das guías docentes 2021-2022
- ANEXO VI: Informe Final PAT 2020-2021

ANEXO I: ACTAS DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN

Acta da reunión da Coordinadora do Grao en Dereito e da Vicedecana de Organización Académica coas/os delegadas/os do Grao en Dereito, celebrada o día 18 de novembro de 2020:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Coordinadora do Grado) 2. Prof^a. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) 3. Alumnado: <ul style="list-style-type: none"> - Juan Santiago Cacharro Rielo (1^o Grao) - Carmen Pesqueiro González (2^o Grao) - Rayssa Sabino de Farias (2^o Grao) - Nicolás Balsa Fernández (3^o Grao) - Florín Sebastián Neagore (3^o Grao) - Lucía Pérez Loureiro (4^o Grao) - Isaías Basilio Souza (4^o Grao) 	<p>Acta da reunión convocada coas delegadas/os de curso do Grao en Dereito pola Coordinadora do Grao en Dereito e a Vicedecana de organización académica, o día 18 de novembro de 2020, ás 17:00 na sala de Xuntas do Decanato, co seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1^o. Informes da Coordinación do Grao. 2^o. Exposición, por parte das delegadas/os asistentes, do seu balance do curso académico. 3^o. Rogos e preguntas.
--	--

Punto 1^o. Informes da Coordinación do Grao.

1. A Coordinadora agradece a asistencia á reunión de todos os delegados/as e da Vicedecana de Organización Académica.
2. A coordinadora informa sobre:
 - 2.1. Posta en marcha do PAT e adaptación do mesmo ás circunstancias concorrentes, o que se materializa, fundamentalmente, en xuntanzas virtuais.
 - 2.2. Implementación da ferramenta Google Calendar, na que se consignaron as probas de avaliación continua indicadas nos correspondentes cronogramas das materias do Grao en Dereito.

Punto 2^o. Exposición, por parte dos delegados/delegadas asistentes, do seu balance do curso académico.

A finalidade deste punto da orde do día, motivo principal da convocatoria, é a exposición e valoración por parte das/os delegadas/os do funcionamento e balance do curso académico ata ese momento.

O alumnado, con carácter xeral, valora positivamente o desenvolvemento da docencia. Con todo a continuación, destaca as incidencias, disfuncións ou preocupacións seguintes:

PRIMEIRO CURSO:

O delegado de 1^o Curso, Juan Santiago Cacharro Rielo desculpa a ausencia da Vice-delegada, á que foi imposible acudir e sinala que, en 1^o Curso, non se plantexan problemas, pois a docencia é integramente presencial.

A Profª. Susana Álvarez, Vicedecana e docente de 1º Curso confirma a normalidade coa que se están a desenvolver as clases.

O Delegado sinala que unha alumna con discapacidade lle informou de que está a agardar por unha cadeira especial que aínda non lle foi facilitada. A Vicedecana sinala que se trata dunha alumna incluída no Programa de atención ás persoas con necesidades especiais (PIUNE), estando a Coordinadora do citado Programa na Facultade –a Profª. Fernández Prieto- pendente desta cuestión. Polo que a Vicedecana agarda que esta cuestión se resolva en breve.

SEGUNDO CURSO:

A delegada Mª Carmen Pesqueiro González sinala que non hai constancia de queixa algunha. Aínda que algún docente ten en ocasións problemas técnicos para conectar a cámara, son cuestións menores.

A delegada Rayssa Sabino de Farias sinala que no seu día houbo algunha discrepancia co docente de Dereito Civil, o Prof. De Franco Paz, por razóns técnicas –por non impartir a docencia a través do Campus Remoto-. Con todo, dado que agora está a impartir as clases virtualmente, xa non se plantexan tales problemas.

A Profª. Álvarez González sinala que ela mesma acudiu en ocasións a resolver problemas técnicos (por exemplo, rexistros mediante códigos QR, así como conexións ao Campus Remoto), que todos os docentes se amosan moi receptivos pero que a adaptación resulta complexa, pois trátase dunha situación nova.

A Profª. Álvarez González lembra que o que se acordou para os cursos 2º, 3º e 4º do Grao foi a docencia mediante “aulas espello” e non a través do Campus Remoto, o que implica que o profesorado non está obrigado a impartir a clases a través do Campus Remoto.

A delegada Mª Carmen Pesqueiro González destaca problemas técnicos, especialmente na aula 1.5 pero valora positivamente, con carácter xeral, o desenvolvemento do curso.

TERCEIRO CURSO:

Os delegados, Nicolás Balsa Fernández e Florín Sebastián Neagore, sinalan que o curso está, en xeral, a desenvolverse con normalidade. Con todo, destacan dúas cuestións:

- Problemas/fallos técnicos en xeral en todas as materias, o que repercute especialmente nos alumnos que están a seguir a docencia on line.
- Problemas en relación co desenvolvemento da proba parcial da materia “Dereito do Traballo e da Seguridade Social”.

En canto a esta última cuestión, a Coordinadora sinala que, como docente implicada, non debe abordar a mesma, polo que se celebraron reunións específicas en relación coa devandita proba coas Vicedecanas de Organización Académica e Calidade.

CUARTO CURSO:

O delegado, Isaías Basilio Souza, amosa a súa preocupación polo desenvolvemento da materia “Dereito Mercantil II”, ao entender que non vai a poder abordar todo o temario, remitindo a docente ao estudo autónomo polos alumnos de algunha lección.

A delegada, Lucía Pérez Loureiro, tamén destaca problemas técnicos en relación coa citada materia.

Ambos delegados tamén amosan a súa preocupación por terse xuntado, nesa mesma materia, os grupos nunha mesma aula, aínda que agora, por acudir menos alumnos á Facultade, elo non resulta tan relevante pois respéctanse en todo caso os aforos.

Ambos delegados sinalan que en algunhas optativas non se realizan descansos entre clases teóricas e prácticas.

A Vicedecana e a Coordinadora sinala que trasladarán estas preocupacións aos docentes implicados, rogando se cumpran estritamente normas sanitarias de aforos máximos e horarios.

A Coordinadora sinala, finalmente, que deben cumprirse as guías docentes e impartir a totalidade dos contidos contemplados nas mesmas, remitindo no seu caso o docente a esquemas, manuais...

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Toma a palabra a delegada de 2º curso, Mª Carmen Pesqueiro González, para requirir que se traslade ao profesorado a necesidade de ventilación. Como alumna PIUNE tamén destaca a boa disposición do Decanato para resolver as dificultades coas que se atopa.

Non hai rogos nin preguntas.

A coordinación agradece de novo a presenza das/os delegadas/os na reunión.

Levántase a sesión ás 18.06 horas.

Ourense, 18 de novembro de 2020

Asdo.: Francisca Fernández Prol
Coordinadora do Grao en Dereito

Acta da reunión da Coordinadora do Grao en Dereito e da Vicedecana de Organización Académica coas/os delegadas/os do PCEO ADE-Dereito, celebrada o día 19 de novembro de 2020:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Profª. Francisca Fernández Prol (Coordinadora do Grado) 2. Profª. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) 3. Alumnado: <ul style="list-style-type: none"> Álvaro Romero Seoane (1º PCEO) Rodrigo Míguez Fernández (1º PCEO) Miguel Nogueiras (2º PCEO) Rocío Mosquera Fernández (3º PCEO) Andrea Maquieira Cruz (3º PCEO) Diego Casas (4º PCEO) Jorge Domínguez Pavón (4º PCEO) Anaïs Fernández Barja (5º curso PCEO) 	<p>Acta da reunión convocada coas delegadas/os de curso do PCEO ADE-Dereito pola Coordinadora do Grao en Dereito e a Vicedecana de organización académica, o día 19 de novembro de 2020, ás 11:00 na sala de Xuntas do Decanato, co seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1º. Informes da Coordinación do Grao. 2º. Exposición, por parte das delegadas/os asistentes, do seu balance do curso académico. 3º. Rogos e preguntas.
--	--

Punto 1º. Informes da Coordinación do Grao.

3. A Coordinadora agradece a asistencia á reunión de todos os delegados/as e da Vicedecana de Organización Académica.
4. A coordinadora informa sobre:
 - 2.1. Posta en marcha do PAT e adaptación do mesmo ás circunstancias concorrentes, o que se materializa, fundamentalmente, en xuntanzas virtuais.
 - 2.2. Implementación da ferramenta Google Calendar, na que se consignaron as probas de avaliación continua indicadas nos correspondentes cronogramas das materias do Grao en Dereito exclusivamente –quedando ao marxe, xa que logo, as materias do Grao en ADE-.

Punto 2º. Exposición, por parte dos delegados/delegadas asistentes, do seu balance do curso académico.

A finalidade deste punto da orde do día, motivo principal da convocatoria, é a exposición e valoración por parte das/os delegadas/os do funcionamento e balance do curso académico ata ese momento.

O alumnado destaca as incidencias, disfuncións ou preocupacións seguintes:

PRIMEIRO CURSO:

Os delegados, Álvaro Romero Seoane e Rodrigo Míguez Fernández, preguntan se a materia Dereito Romano se pode impartir a través do Campus Remoto. A Vicedecana de Docencia sinala que no PCEO a docencia é presencial, polo que o profesorado non está obrigado, en principio, a impartir a clases a través do Campus Remoto. Tal obriga só xurde no caso de que algún alumno acredite imposibilidade de acudir ás aulas por estar confinado.

SEGUNDO CURSO:

O delegado, Miguel Nogueira, destaca algunha disfunción por impartirse algunha materia de ADE *on line* e a seguinte, xurídica (Dereito Internacional Público), presencialmente, polo que o alumnado non ten tempo material para desprazarse á Facultade. O que se resolveu impartíndose a docencia de Dereito Internacional Público tamén on line. Segundo indica o delegado, as materias Dereito Penal e Dereito Civil tamén se imparten total ou parcialmente. A Vicedecana confirma tales circunstancias, ao acceder os docentes implicados a impartir as clases a través do Campus Remoto. Por elo, quere deixar constancia do seu agradecemento aos citados docentes.

TERCEIRO CURSO:

As delegadas, Rocío Mosquera Fernández e Andrea Maquieira Cruz, sinalan que non teñen queixa algunha en relación coas materias xurídicas.

CUARTO CURSO:

Os delegados, Diego Casas e Jorge Domínguez Pavón, destacan, en relación coa materia Dereito Mercantil II:

- Que non se respectan os descansos, polo que os docentes imparten sen solución de continuidade unha clase teórica, unha clase práctica e, de novo, outra clase teórica.
- Que non se respectan os contidos teóricos e prácticos de cada clase.

A Coordinadora e a Vicedecana sinalan que os horarios, así como a normativa da Uvigo en materia de organización docente (sinalando a duración máxima das clases, así como os descansos mínimos) deben respectarse, polo que se trasladará esta cuestión ao profesorado implicado.

QUINTO CURSO:

A delegada destaca problemas no horario do xoves pola tarde toda vez que se imparte en Dereito unha clase presencial e logo en ADE unha clase on line. A Vicedecana sinala que xa abordou esta cuestión cos docentes da materia xurídica implicada –Dereito do Traballo e da Seguridade Social- para que faciliten a asistencia virtual, con todo lembra que tales docentes deben estar na aula ao non ter autorizada a docencia on line.

A delegada reclama un/ha coordinador/a para o Dobre Grao exclusivamente. A Coordinadora destaca a dificultade de implementación desta figura, pois o Plan Conxunto depende de dúas Facultades, polo que as funcións do citado coordinador único estarían igualmente moi limitadas.

A delegada destaca os problemas xurdidos durante o desenvolvemento da proba parcial da materia Dereito do Traballo e da Seguridade Social impartida en 5º curso do PCEO. A Coordinadora sinala que, como docente implicada, non debe abordar esta cuestión, polo que se remite ás reunións específicas celebradas coas Vicedecanas de Organización Académica e Calidade, en cuxo marco agarda se solvente axiña a discrepancia.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

A coordinación agradece de novo a presenza das/os delegadas/os na reunión.

Levántase a sesión ás 11.18 horas.

Ourense, 19 de novembro de 2020

Asdo.: Francisca Fernández Prol
Coordinadora do Grao en Dereito

Reunión de Coordinación co profesorado do Grao en Dereito e Simultaneidade ADE-Dereito, celebrada o día 27 de novembro de 2020.

<p>Lista de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Coordinadora) 2. Prof^a. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) 3. Prof^a. Zoraida Álvarez Pérez 4. Prof. Roberto Bustillo Bolado 5. Prof^a. Marta Fernández Prieto 6. Prof. Roberto Ignacio Fernández López 7. Prof. Agustín González Ares 8. Prof. Virxilio Rodríguez Vázquez 9. Prof. Guillermo Suárez Blázquez 10. Prof^a. Belén Sánchez Ramos 11. Prof^a. Mónica Siota Álvarez 12. Prof^a. Ana María Tobío Rivas 	<p>Acta da reunión ordinaria convocada en base ao procedemento de Coordinación do Grao pola Coordinadora do Grao en Dereito, o día 27 de novembro de 2020, ás 12:30 na sala de Xuntas do Decanato, co seguinte orde do día:</p> <p>1.º- Informes da Coordinadora de Grado.</p> <p>2.º- Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do que levamos de curso académico: horarios, grupos, rendemento do alumando, etc así como outras cuestións que consideren de interese.</p> <p>3.º- Rogos e preguntas</p>
---	---

Punto 1º. Informes da Coordinadora do Grao.

1. Agradecemento da Coordinadora do Grao pola asistencia, aínda virtual, á xuntanza de todos os profesores presentes, posto que elo implica un incremento das súas actividades docentes, polo que agarda dita actividade repercute de forma positiva na calidade e funcionamento da Titulación.

2. Información ao profesorado das seguintes cuestións:

2.1. Desenvolvemento da docencia:

Tal desenvolvemento estímase adecuado, non téndose recibido por parte do alumnado comunicacións de disfuncións relevantes. Elo, sen prexuízo, de incidencias relativas a materias concretas que serán obxecto de análise co profesorado implicado.

Lémbrese, con todo, ao profesorado:

- O necesario cumprimento do estipulado nos correspondentes cronogramas, sen prexuízo de que, puntualmente, sexa precisa algunha adaptación.
- A necesaria coordinación entre o profesorado –inclusive interno e externo (asociados), de teoría e práctica- que comparte materia.
- O necesario cumprimento do horario de clase, evitando, na medida do posible, cambios e posteriores recuperacións de docencia.

2.2. Elaboración do google calendar.

A referida ferramenta xa se atopa a disposición do alumnado na páxina web do centro. Sobre o particular, destácanse algunhas dificultades, polo que se roga ao profesorado que consigne nos correspondentes cronogramas as datas e horarios concretos das probas de avaliación.

2.3. Reunións de coordinación co alumnado

A Coordinadora informa da celebración das reunións de coordinación cos representantes do alumnado do Grao (18 de novembro de 2020) e de PCEO (19 de novembro de 2020).

A Coordinadora sinala que, ao marxe de cuestións puntuais, o alumnado valora positivamente o desenvolvemento da docencia, así como o esforzo do profesorado pola adaptación ao novo escenario de docencia semi-presencial mediante “aulas espello” e Campus Remoto. Con todo, o citado alumnado, de Grao e PCEO, tamén destacou as incidencias seguintes:

- Retraso na explicación dalgunhas materias que imputan a problemas informáticos, requirindo o alumnado que se indiquen, no seu caso, as leccións obxecto de estudo individual ou autónomo.
- Docencia conxunta aos alumnos da aula principal e espello, amosando o alumnado a súa preocupación pola ocupación das aulas e os correlativos riscos de contaxio.
- Docencia, en algunhas optativas, sen solución de continuidade, é dicir, sen descanso entre clases teóricas e prácticas.
- Problema grave en relación coa proba parcial da materia Dereito do Traballo e da Seguridade Social, tanto no Grao como no PCEO. As queixas e reclamacións relativas a esta cuestión foron obxecto de análise polas Vicedecanas de Organización Académica e Calidade.

Punto 2º. Exposición por parte do profesorado asistente do seu balance do curso académico.

A Coordinadora lembra que a presente xuntanza pretende coñecer a valoración, por parte do profesorado, do desenvolvemento do cuadrimestre, polo que lle pide aos docentes que, por curso académico, realicen a citada valoración.

PRIMEIRO CURSO:

A Profª. Álvarez González sinala que o curso está a desenvolverse correctamente, malia as circunstancias. Segundo indica, no caso do 1º curso a docencia é presencial na aula magna, polo que non se producen tantas incidencias técnicas (ao non recorrer a “aulas espello”, pero si ao Campus Remoto para os alumnos confinados). A valoración da docente, xa que logo, é moi positiva, destacando especialmente a actitude responsable do alumnado, en termos xerais moi respectuoso co protocolo de seguridade.

O Prof. Guillermo Suárez tamén destaca o comportamento do alumnado que describe como traballador, responsable e implicado. O citado docente agradece ao equipo decanal a súa labor, apoio e solidariedade.

O Prof. Agustín González Ares e a Profª. Lourdes Borrajo Diz coinciden na citada avaliación positiva do alumnado.

SEGUNDO CURSO:

A Prof^a. Sánchez Ramos destaca que non está a ter problemas relevantes, só problemas técnicos que se resolveron nas primeiras semanas. A docente destaca o descenso da asistencia, que entende comprensible dadas as circunstancias, polo que xa non é precisa a utilización da “aula espello”. A Prof^a. agradece ao equipo decanal o traballo realizado.

A Prof^a. Movilla Pateiro sinala que na materia Dereito Internacional Público impartida no PCEO aprecia así mesmo un descenso da asistencia.

O Prof. Rodríguez Vázquez realiza un balance similar: o curso está a desenvolverse sen incidencias notables. Reitera o agradecemento ao equipo decanal.

TERCEIRO CURSO:

A Prof^a Fernández Prieto describe a incidencia producida no desenvolvemento da proba parcial da materia “Dereito do Traballo e da Seguridade Social”: a proba realizouse telemáticamente a través da Plataforma de teledocencia Faitic, pero o programa non funcionou correctamente, polo que os alumnos manifestaron problemas realizar a proba. Detectado o problema, ofrecéuselle aos alumnos a posibilidade de repetir presencialmente a proba –alternativa que rexeitaron- e, seguidamente, ofreceuse unha nova proba de realización voluntaria consistente nun exame oral. Varios alumnos solicitaron a anulación da proba. Ao marxe desta cuestión, a docente considera que as clases están a desenvolverse correctamente. Como Decana agradece o apoio e esforzo de adaptación realizado por todo o profesorado.

A Prof^a. Zoraida Álvarez Pérez únese ao agradecemento ao equipo decanal e realiza, así mesmo, una valoración positiva do comportamento do alumnado. A docente, con todo, amosa a súa preocupación pola remisión polos alumnos de prácticas de avaliación continua “sospeitosamente boas”, o que achaca a súa realización *on line*.

CUARTO CURSO:

A Prof^a. Siota Álvarez destaca os problemas técnicos, sinaladamente de audio, producidos coas “aulas espello”. No caso da proba realizada virtualmente, en cambio, non se produciron incidencias técnicas, con todo aprecia un descenso nas cualificacións acadadas.

O Prof. Fernández López súmase ás valoracións realizadas pola outra docente da área, a Prof^a. Siota Álvarez

A Prof^a. Sánchez Ramos sinala que, no seu caso, empregando a plataforma Moovi, non tivo problemas técnicos durante a proba.

O Prof. Bustillo Bolado, en relación coa entrega de traballos realizados a distancia e “moi similares” –problemática destacada, pola Prof^a. Zoraida Álvarez Pérez- sinala que, para evitar tales comportamentos, optou por implementar un sistema de traballo en equipo, presentando os alumnos traballos colectivos pero que deben distinguirse dos doutros grupos.

A Prof^a. Tobío Rivas sinala que imparte unha optativa no PCEO, polo que, tratándose dun grupo reducido, non emprega a “aula espello”, nin ten problemas técnicos. A Prof^a. sinala que a docencia da súa materia, do mesmo xeito que as probas, son presenciais. A docente felicita, así mesmo, ao equipo decanal e a Universidade de Vigo, pois a docencia universitaria non se detivo nunca.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

Con todo, toma a palabra o Prof. González Ares para agradecer ao equipo decanal, aos docentes e persoal de administración e servizos o seu apoio, compañeirismo e adicación.

A Profª. Álvarez González tamén agradece ao profesorado a súa paciencia coas cuestións técnicas, así como os seus esforzos de adaptación e adicación.

A Coordinadora súmase aos agradecementos.

Levantase a sesión ás 13:05 horas.

Ourense, 27 de novembro de 2020.

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Acta da reunión da Coordinadora do Grao en Dereito e da Vicedecana de Organización Académica coas/os delegadas/os do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito, celebrada o día 26 de marzo de 2021:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <p>1. Profª. Francisca Fernández Prol (Coordinadora do Grado)</p> <p>2. Profª. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica)</p> <p>3. Alumnado:</p> <p>Grao:</p> <p>Juan Santiago Cacharro Rielo (1º curso)</p> <p>Aida Pardal Castro (1º curso)</p> <p>María del Carmen Pesqueira González (2º curso)</p> <p>Rayssa Sabino de Farias (2º curso)</p> <p>Nicolás Balsa Fernández (3º curso)</p> <p>Florin Sebastian Neagore (3º curso)</p> <p>Isaías Basilio Souza (4º curso)</p> <p>Lucia Perez Loureiro (4º curso)</p> <p>PCEO:</p> <p>Andrea Maqueira Cruces (3º curso)</p> <p>Diego Casas Rodríguez (4º curso)</p> <p>Anais Fernández Barja (5º curso)</p>	<p>Acta da reunión cos/as delegadas/os de curso, celebrada o día 26 de marzo de 2021, ás 12:30 a través do Campus Remoto, co seguinte orde do día:</p> <p>1º. Informes da Coordinación do Grao.</p> <p>2º. Exposición, por parte das delegadas/os asistentes, do seu balance do segundo período do curso académico.</p> <p>3º. Rogos e preguntas.</p>
---	---

Punto 1º. Informes da Coordinación do Grao.

A Coordinadora agradece a asistencia á reunión dos delegados/as, e da Vicedecana de Organización Académica. A Coordinadora informa sobre a posta en marcha, tamén neste segundo período, da ferramenta Google Calendar, na que se consignaron as probas de avaliación continua indicadas nos correspondentes cronogramas das materias do Grao en Dereito exclusivamente –quedando ao marxe, xa que logo, as materias do Grao en ADE-.

Punto 2º. Exposición, por parte dos delegados/delegadas asistentes, do seu balance do curso académico.

A continuación, expóñense as valoracións/reflexións/preguntas formuladas polos delegados, ordenadas por curso académico, aínda que, no marco do debate, as intervencións seguiron en ocasións unha orde diferente.

GRAO:

PRIMEIRO:

Os delegados de 1º curso indican que os seus compañeiros non lles transmitiron incidencias relevantes, estando, en xeral, satisfeitos, sinaladamente con desenvolvemento presencial da docencia. Con todo, formulan dúas preguntas:

- Cal é o descanso mínimo previsto en clases? É tal descanso de 10 minutos? Debe proxectarse sobre o inicio da docencia? Ou ao remate da clase?
- Ten o profesorado a obriga de conectarse ao Campus Remoto a petición do alumnado.

A Vicedecana de Organización Académica resposta que o descanso de 10 minutos debe proxectarse sobre o inicio de cada clase, téndose remitido un correo ao profesorado en tal sentido. En canto á docencia *on line*, a Profª. Álvarez González lembra que en 1º curso a docencia é presencial, por terse optado por tal modalidade en Xunta de Facultade. Polo que, en principio, o profesorado de 1º curso non ten a obriga de impartir virtualmente a clase. Con todo, si existen excepcións en caso de alumnado confinado, previa acreditación desta circunstancia.

O Delegado tamén sinala que se deixaron en Delegación caixas con produtos de hixiene feminina, preguntando como deben proceder a entrega dos mesmos. A Vicedecana sinala que tales produtos se entregaron no marco dunha campaña da Reitoría en prol da igualdade e que aínda non está previsto un protocolo de entrega ou subministro. A delegada de 2º curso, Carmen Pesqueira suxire que se deixen nos baños ou en dispensadores diante dos mesmos. A Coordinadora de Grao sinala que valora positivamente a campaña e que se elevará unha consulta para resolver estas cuestións prácticas.

SEGUNDO:

As delegadas de 2º curso sinalan que as incidencias producidas pola sucesiva impartición de docencia presencial e *on line* (non tendo o alumnado tempo material para desprazarse á Facultade ou aos seus domicilios para asistir as clases correspondentes) xa foron resoltos pola Vicedecana, polo que agradecen as xestións desta última. Igualmente agradecen a pronta resolución das diversas incidencias técnicas xeradas polo recurso ás aulas espello

TERCEIRO:

O delegado de curso, Nicolás Balsa, toma a palabra, sinalando que non hai incidencias no desenvolvemento da docencia no referido curso.

CUARTO:

Os delegados de 4º curso sinalan que non detectaron disfuncións no desenvolvemento da docencia. Preguntan, sen embargo, pola organización do acto de gradación. A Coordinadora de Grao sinala que deben terse en conta as restricións sanitarias polo que resulta complicado adiantar se haberá acto de gradación e como será o seu formato. O delegado de 4º curso pregunta se o acto podería organizarse para decembro. A Vicedecana resposta que pode avaliarse dita alternativa e recalca que, de ser posible, si se organizará un acto formal, sendo este tamén o parecer da Decana.

PCEO:

PRIMEIRO:

Os delegados non asistiron a xuntanza.

SEGUNDO:

Os delegados non asistiron a xuntanza.

TERCEIRO:

A delegada de 3º curso do PCEO sinala que no devandito curso non lle foron trasladadas queixas relevantes. Si destaca, con todo, que seguen as clases de Dereito Penal impartidas polo Prof. Sobrado dende os seus ordenadores portátiles con cascos, o que non resulta cómodo, polo que pregunta se a citada docencia se podería proxectar na aula para o conxunto do alumnado. A Vicedecana sinala que ten constancia desa situación e que procurará resolver a mesma. A delegada sinala que só conforma unha suxestión e, de novo, agradece a labor do Decanato.

CUARTO:

O delegado de 4º curso sinala que se produciron disfuncións no desenvolvemento da docencia no citado curso.

QUINTO:

A delegada de 5º curso sinala que se produciron disfuncións no desenvolvemento da docencia no citado curso.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

A coordinación agradece de novo a presenza das/os delegadas/os na reunión.

Levántase a sesión ás 13:15 horas.

Ourense, 26 de marzo de 2021

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Acta da reunión de Coordinación co profesorado do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito celebrada o día 9 de abril de 2021:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Coordinadora) 2. Prof^a. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) 3. Prof. José Abundancia Domínguez 4. Prof. José Agustín González-Ares Fernández 5. Prof.^a Inés Iglesias Canle 6. Prof. Roberto Ignacio Fernández López 7. Prof. José Manuel García Sobrado 8. Prof. David de León Rey 9. Prof. Juan Pintos Clapés 10. Prof. Virxilio Rodríguez Vázquez 11. Prof^a. Mónica Siota Álvarez 	<p>Acta da reunión de Coordinación co profesorado do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito celebrada o día 9 de abril de 2021 a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.º- Informes da Coordinadora de Grao. 2.º- Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do segundo período do curso académico: metodoloxías, sinaladamente de docencia mixta, rendemento do alumnado, etc así como outras cuestións que consideren de interese.
--	---

Punto 1º. Informes da Coordinadora do Grao

1. Agradecemento da Coordinadora do Grao pola asistencia á xuntanza de todos os profesores presentes. A coordinadora sinala que, posto que elo implica un incremento das súas actividades docentes, agarda que dita actividade repercuta de forma positiva na calidade e funcionamento da Titulación.

2. A Coordinadora sinala que con data do 26 de marzo de 2021 tivo lugar a reunión de coordinación cos delegados de curso do Grao e do PCEO, que, en termos xerais, valoraron positivamente o desenvolvemento do segundo período de docencia do curso 2020-2021.

Punto 2º. Exposición por parte do profesorado asistente do seu balance do curso académico

Posto que a reunión pretende atender ás posibles incidencias detectadas polo profesorado, a Coordinadora suxire que os docentes presentes valoren, por curso, o desenvolvemento da docencia.

PRIMEIRO:

O Prof. Mosquera sinala que o cuadrimestre está a desenvolverse con normalidade.

Igualmente, os Prof. Pintos Clapés e González Ares sinalan que a docencia está a transcorrer sen incidencias. O Prof. Abundancia Domínguez sinala que, no seu caso, detecta un leve retraso na explicación dos contidos. O Prof. De León Rey destaca a actitude moi positiva do alumnado, con interese na docencia e moi participativo (parecer que é compartido por outros docentes presentes).

SEGUNDO:

A Profª. Iglesias Canle sinala que na materia Sistema Xudicial español e proceso civil producíronse incidencias por mor da falta de profesorado. Con todo, os docentes da lista de agarda xa se incorporaron, polo que están a resolverse as citadas incidencias. A Profª. Iglesias Canle destaca a total disposición amosada pola Profª. Martínez García. A Profª. Iglesias Canle sinala que procurou evitar disfuncións relevantes acudindo ás presentacións para expoñer a situación aos alumnos.

TERCEIRO:

Non se destacan incidencias relevantes.

CUARTO:

Non se destacan incidencias relevantes.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

A Coordinadora agradece de novo a presenza do profesorado na reunión, así como o seu compromiso no desenvolvemento da docencia *on line*.

Levántase a sesión ás 13:30 horas.

Ourense, 9 de abril de 2021.

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e da Facultade de Dereito de Ourense celebrada, virtualmente, a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, o día 21 de maio de 2021, ás 12:00:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Prof^a. Marta Fernández Prieto (Decana da Facultade de Dereito) 2. Prof. Francisco José Pérez Torres (Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo) 3. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Coordinadora do Grao en Dereito da Facultade de Dereito) 4. Prof. José Manuel Pacho Blanco (Vicedecano do Grao en Dereito e Coordinador do Grao en Dereito) 	<p>Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e da Facultade de Dereito de Ourense celebrada, virtualmente, a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, o día 21 de maio de 2021 ás 12:00, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1º. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria. 2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior -14 de xullo de 2020-. 3º. Análise do estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2019-2020. 4. Análise e aprobación, se procede, da proposta de accións de mellora da titulación para o curso 2020-2021. 5. Toma de postura en relación co procedemento de elaboración das guías docentes do curso 2021-2022. 6. Análise e aprobación, se procede, da proposta de modificacións a memoria da titulación para o curso 2021-2022. 7. Delegación, se procede, de competencias en materia de coordinación da titulación nas persoas coordinadoras do Grao en Dereito nas facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo. 8. Suxestións e preguntas.
---	---

1º. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria.

Procédese á designación da Prof^a. Fernández Prol.

2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior -14 de xullo de 2020-.

Apreciados erros substanciais na proposta de acta remitida –ao incluír accións de mellora que xa foran analizadas na reunión da Comisión de febreiro de 2019-, procédese á modificación da referida proposta, quedando incorporados os cambios sinalados pola Vicedecana de Calidade da Facultade de Dereito previamente remitidos. Deste xeito, incorpórase, ao punto 3º da citada acta –de 14 de xullo de 2020- o texto seguinte:

“Tras analizar o grado de execución das tres melloras propostas para a Titulación, considérase que están executadas e, polo tanto, cerradas:

- a) 2017GDT01. Continuar coa análise das taxas académicas por materia dos estudantes e a análise comparativa entre sedes en materias nas que as taxas revelen un reducido rendemento do estudantado. En ningún dos dous centros se detectaron materias nas que se aprecie un reducido rendemento do alumnado.
- b) 2017GDT02. Reunión con alumnado y profesorado para abordar los problemas de organización temporal das materias en el plan de estudos. En ningún dos dous centros se detectaron problemas de organización temporal das materias.
- c) 2017GDT03. Valorar a oportunidade de proceder á modificación da memoria de verificación coa finalidade de incorporar os erros detectados a través dos informes de seguimento do título e outros cambios que se consideren oportunos. En ambos os dous centros se acordou non validar a declaración de interese para a modificación da memoria de verificación do Grao en Dereito (Na Facultade de Dereito, este acordo adoptouse dentro da reunión ordinaria da Xunta de Facultade, celebrada o 28 de Febreiro de 2018)".

3º. Análise do estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2019-2020.

A Coordinadora de Grao da Facultade de Dereito sinala que estaba pendente unha mellora xa proposta no curso 2018-2019 e reiterada no curso 2019-2020. Tal era a revisión do programa Docnet, para a elaboración das guías docentes, de tal xeito que as modificacións introducidas polos docentes fosen automaticamente notificadas ao Coordinador correspondente. Tal mellora estímase cumprida, pois a Vicedecana de Calidade da Facultade de Dereito deu traslado desta mellora ao Coordinador de Calidade da Universidade de Vigo. Este, sen embargo, sinalou que resulta complexo modificar o programa Docnet, con todo, sinalou que este aspecto se tería en conta no proceso, en curso, de elaboración da nova ferramenta informática para a elaboración das guías docentes.

4º. Análise e aprobación, se procede, da proposta de accións de mellora da titulación para o curso 2020-2021.

A Decana da Facultade de Dereito sinala que, dende o seu centro, non hai proposta de acción de mellora conxunta. Do mesmo xeito, o Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo indica que, pola súa banda, tampouco se estiman necesarias, neste momento, accións de mellora da titulación.

5º. Toma de postura en relación co procedemento de elaboración das guías docentes do curso 2021-2022.

Os Decanos sinalan que procederán á apertura dos procedementos de elaboración das guías docentes do curso 2021-2022 segundo as instrucións da Vicerreitoría competente.

6º. Análise e aprobación, se procede, da proposta de modificacións a memoria da titulación para o curso 2021-2022.

A Decana da Facultade de Dereito sinala que no curso pasado modificouse, no marco do proceso de elaboración das guías docentes para o curso 2020-2021, o sistema de avaliación dunha materia asignada á área de Dereito Administrativo, non tendo constancia de peticións de modificacións no proceso de elaboración das guías par o curso 2021-2021.

7º. Delegación, se procede, de competencias en materia de coordinación da titulación nas persoas coordinadoras do Grao en Dereito nas facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Apróbase a delegación nos correspondentes coordinadores de Grao na Facultade de Dereito e na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

8º. Suxestións e preguntas.

Non hai suxestións nin preguntas.

Levántase a sesión ás 12:30

Ourense, 21 de maio de 2021.

Asdo.: Francisca Fernández Prol

ANEXO II: INFORME SEGUIMIENTO TFG

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2020-21, a iniciativa das coordinadoras da materia Tráballo fin de grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvéronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Tráballo fin de grao. As máis destacables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño 2020: Elaboración da guía docente polo coordinadora.
- 15/07/2020: habilitación pola Comisión Permanente dun novo prazo no mes de febreiro (2º) de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do Tráballo de fin de grao e incluído no calendario académico da Facultade de Dereito e delegar na Secretaria da Facultade a incorporación das datas que procedan.
- 15/07/2020: aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2020/21 -novembro de 2010 (1º prazo), xuño de 2021 (3º prazo), xullo de 2021 (4º prazo) e setembro de 2021 (5º prazo)-
- 30/07/2020: aprobación pola Comisión Permanente da modificación do segundo e terceiro prazo de defensa do Tráballo de Fin de Grao e do prazo de entrega de actas do primeiro e segundo período para adaptalo á modificación do calendario académico da Universidade de Vigo e da obriga de manter a titorización e propostas temáticas dos Traballo de Fin de Grao asignados no curso académico 2018-2019 para o alumnado que se presente ao segundo prazo de defensa (febreiro) habilitado no curso académico 2020-2021
- 30/09/2020: Designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2020/21.
- 30/09/2020: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2020-2021 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballo de Fin de Grao e autorizar a titorización polos profesores D. José Abundancia Domínguez, D. Roberto Couto Calviño, D. José Mosquera Casero e D.ª Natalia Torres Cadavid, previa solicitude expresa dos interesados.
- 30/09/2020: Aprobación pola Comisión Permanente, respecto aos Traballo de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio:
 - a) Que, a instancia do alumno que participa no programa de mobilidade ou intercambio, poida asignarse directamente como persoa titora do TFG ao profesor da Facultade de Dereito proposto por el mesmo, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento.
 - b) Que, en relación coa avaliación do TFG polo Tribunal designado para o curso académico que corresponda e o desenvolvemento da defensa pública ante o devandito tribunal, se aplique ao alumnado que participa no programa de mobilidade ou intercambio os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que concorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.
- Outubro-novembro de 2020: Publicación da relación de profesorado que no curso 2020/21 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 18/11/2020: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2020-2021.
- 16/12/2019: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Tráballo de Fin de Grao do curso académico 2020-2021 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos. Acórdase tamén manter, con carácter xeral, a titorización e as propostas temáticas dos Traballo de Fin de Grao asignadas nos dous cursos

anteriores para o alumnado que se presente ao primeiro ou segundo prazo de defensa (novembro e febreiro) habilitados en cada curso académico.

- 01/02/2021: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudiantado de terceiro curso de Grao en Dereito e 4º curso do PCEO ADE-Dereito. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.
- 01/02/2021: Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, as coordinadoras informan, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbbraselle ao estudiantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.
- 11/02/2021: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- 14/05/2021: Última sesión co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador. A sesión celebrouse a través do Campus remoto
- 01/06/2021: Asignación excepcional pola Comisión permanente, seguindo indicacións da ORI, da titorización do Traballo de fin de grao dunha alumna do programa de intercambio Erasmus e aprobación, en consecuencia, da proposta temática presentada, consonte ao acordo da Comisión Permanente do día 30 de setembro de 2020.
- 01/06/2021: Aprobación pola Comisión permanente de que, en relación coa solicitude de avaliación do Traballo de fin de grao e pese a esixencia do artigo 6.2 do Regulamento para elaborar o Traballo de fin de grao en Dereito da Facultade de Dereito de entrega dunha versión do TFG en papel por cuadruplicado, abonde con que o alumnado entregue 3 exemplares en soporte físico para os membros do tribunal avaliador e que o exemplar que queda depositado na Facultade, para evitar o almacenamento de papel, se archive en formato electrónico mediante a gravación da versión electrónica dos traballos que os estudantes deben subir a través da plataforma de apoio á docencia "Faitic" en cada convocatoria.
- Xaneiro-xullo de 2021: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia faitic, con información sobre premios e axudas aos TFGs; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia "Traballo de fin de grao" ata o curso 2020-2021

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que terá un mínimo de 6 créditos e que deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorporouse como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

A incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carece de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificulta a configuración da materia e xustifica a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para

tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén detectouse a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, na vixente redacción do Real Decreto 1393/2007 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 9): “os ensinos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral (...) orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional”.
- MÁSTER (art. 10): entre os posibles fins dos ensinos de Máster figura “promover a iniciación en tarefas investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 11): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade”.

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrado universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en “formación continua”, como calquera outro estudante matriculado no Máster –aínda que con algunhas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Máster.

Nos últimos cursos acometéronse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. Ambos os dous documentos teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación

do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretenden desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, os prazos das defensas nas convocatorias de xuño e xullo son moi axustados e dificultan a defensa cando os estudantes teñen outras materias pendentes. No caso do alumnado do PCEO, a situación agrávase porque deben de elaborar dous TFGs, o que dificulta o seu proceso de obtención do título. Xa que logo, habilitáronse novos prazos de defensa do TFG. Primeiro no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. No curso 2020/21 o prazo de setembro incorporouse como último prazo do curso e non como 1º prazo do curso seguinte. Ademais, habilitouse un novo prazo de defensa no mes de febreiro. Estas accións de mellora formuláronse para permitir obter o título de Graduado/a en Dereito no mes de setembro e incorporarse ao Mestrado da avogacía aos estudantes aos que solo lles restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Mestrado sen solución de continuidade -sen obstáculos que lles obrigasen aos estudantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este prazo habilitouse xa en setembro de 2019. Ao converterse en prazo do mesmo curso académico evita que o alumnado teña que aboar novamente a taxa de matrícula e facilita a gradación dos estudantes nun tempo menor, posibilitando a mellora da taxa de gradación e de idoneidade. O prazo de febreiro permite ao alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que pode tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O prazo de febreiro pode ser especialmente interesante para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir elevar a taxa de gradación da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a excepción dos que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade a teor do art. 10 do RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento de súa calidade (e antes o art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo). Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha

rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudiantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

No último curso académico mellorou a *ratio* entre estudantes matriculados e estudantes presentados. Con todo, debe terse en conta a imposibilidade da defensa do TFG se o alumno non ten superada a totalidade de créditos restantes para a obtención do título. Á luz dos datos que se obteñan o presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua, se se estima necesario, noutras propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación. Con todo, analizarase se o problema se centra en que os alumnos non acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden defender o Traballo de fin de grao.

En terceiro termo, acometéronse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fíxanse varias sesións presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador. Entre esas dúas datas fíxanse nos horarios titorías de atención personalizada para atender dúbidas de carácter xeral sobre o desenvolvemento do traballo.

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.

Tamén se acorda non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofrezca as garantías necesarias, salvo que a defensa se desenvolva a través do Campus Remoto. Nese caso, a exposición de cada alumno/a será gravada coa finalidade de facilitarlle ao Tribunal o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión da proba, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Cara ao desenvolvemento adecuado de dita gravación mediante webcam, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a

ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación do exame. Será responsable do tratamento dos datos a Universidade de Vigo. As gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas

Para facilitar a defensa de TFGs nos dous primeiros períodos de defensa habilitados en cada curso académico (novembro e febreiro), acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de titor e proposta temática.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersoal. A modificación dá nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliación e cualificación do TFG/TFM (tribunal colexiado ou unipersoal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto.

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2020/21

- Configurar o prazo de defensa do TFG do mes de setembro como último prazo de defensa do curso anterior –e non como primeiro prazo do curso seguinte–, para mellorar as taxas de idoneidade e gradación. Este prazo de setembro habilitarase xa en setembro de 2020 como último prazo de curso 2019/20.
- Habilitar un novo prazo de defensa do TFG no mes de febreiro.

O prazo de setembro como 5º prazo pretende evitar unha nova matrícula do alumnado e pode mellorar a taxa de idoneidade e gradación. A mellora implementouse cun resultado positivo.

Ademais, o curso 2019/20 o Ministerio de Xustiza sinalou que, a partir do curso 2020/21, non se admitirían ao exame de acceso á profesión a aqueles estudantes que se matricularan no mestrado unha vez que xa empezase o curso. O adianto da defensa do TFG da convocatoria de fin de carreira da Facultade de Dereito a setembro, permite que aqueles estudantes que só teñan esta materia pendente, poidan matricularse no mestrado. Ademais, atrasouse o inicio das clases do mestrado para facilitar a matrícula destes estudantes. A cuestión foi analizada na Comisión de coordinación coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e coa Área Académica de Posgrao, que acordou que estes estudantes puidésense preinscribir no mestrado no segundo prazo de matrícula, a condición de que acreditasen que só lle quedaba esta materia, e, unha vez aprobada no prazo previsto, puidesen formalizar a súa matrícula.

O novo prazo de febreiro permite que o alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que poderá tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O novo prazo pode ser interesante tamén para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2020/2021

	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
Datos comparativos				7/18		19	20

Estudantes matriculados		56	58	90	68	74	77 Grao + 15 Pceo	120	
Estu- dantes presen- tados	Totais	46 (+1 susp. xuño)	35 (32 aprobados +3 susp.)	53 (+4 suspensos FC)	35	20 Grao + 5 Pceo	42 Grao + 10 Pceo	59 (+1 susp. xullo)	
	novembro	7	4	14	6	4	8 + 0	4	
	febreiro							8	
	xuño	23	10	29	12	7 + 1	8 + 3	16	
	xullo	17	21	14	14	8 + 4	13 + 4	20	
	setembro				3		5 + 1	9 + 2 12	
Cuali- fica- cións	Globais por curso	MH	1	0	4	0	1 + 1	1	1
		Sb	3	9	15	6	5 + 1	3 + 1	22
		N	20	11	18	18	9 + 3	22+ 9	25
		A	22	12	16	11	5	16	9

	Susp	1	3	4	0	0	1	3 (1 apr. en sept. 2021)
novembro	MH	0	0	0	0	0	0	
	Sb	0	0	1	0	0	0	2
	N	3	2	1	3	2	5	1
	A	4	1	8	3	2	3	1
	Susp		1 (apr. en xuño 2019)	4 (apr. xuño ou xullo 2019)	0	0	0	
febreiro	MH							
	Sb							3
	N							4
	A							1
	Susp							
xuño	MH	1	0	2	0	0		1
	Sb	2	3	10	2	2 + 1	0 + 1	7
	N	9	3	11	7	5	4 + 2	5
	A	10	4	6	3	0	3	3
	Susp	1(ap. en xullo 2015)	0	0	0	0		1 (ap. en xullo 2020)

xullo	MH	0	0	2	1 + 1	2	1	
	Sb	1	6	4	4	3	2	6
	N	7	6	6	7	2 + 3	6 + 4	10
	A	8	7	2	3	3	4	3
	Susp	0	2	0	0	0	0	1 (ap. en sept. 2021)
setembro	MH						0 0	
	Sb						0 1	4
	N				1		3 + 1	4 + 2 5
	A				2		2 4	1
	Susp						0 0	2

E. Propostas de mellora para o curso 2021/2022

- Habilitar Moovi como plataforma de teledocencia
- Prever, respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio:
 - a) Que, a instancia do alumno que participa no programa de mobilidade ou intercambio, poida asignarse directamente como persoa titora do TFG ao profesor da Facultade de Dereito proposto por el mesmo, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento.
 - b) Que, en relación coa avaliación do TFG polo Tribunal designado para o curso académico que corresponda e o desenvolvemento da defensa pública ante o devandito tribunal, se aplique ao alumnado que participa no programa de mobilidade ou intercambio os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que conorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.
- Manter, con carácter xeral, a titorización e as propostas temáticas dos Traballos de Fin de Grao asignadas nos dous cursos anteriores para o alumnado que se presente ao primeiro ou segundo prazo de defensa (novembro e febreiro) habilitados en cada curso académico.

ANEXO III. INFORME SOBRE COOPERACIÓN CON INSTITUCIÓN E EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES NO CURSO 2020/2021 E PROPOSTA, SE PROCEDE, DE MELLORAS PARA O CURSO 2021/2022

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2020/2021 realizáronse as seguintes reunión e actuacións en relación coa materia “Prácticas Externas”:

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2020: reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas. · Xuño 2020: Elaboración da guía docente pola coordinación.
- Setembro 2020: Convocatoria para o nomeamento de Tutores académico/as de Prácticas Externas. A Comisión Académica nomea como tutores académico/as aos seguintes profesores: D. Virxilio Rodríguez Vázquez e Dña. Susana Álvarez González
- Decembro de 2020: Publicación de oferta formativa de prácticas externas 2020-2021.
- Decembro de 2020: Adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma TEMA e comunicación aos tutores externo/as/externo/as dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2021. Presentación da materia prácticas externas ao comezo do cuadrimestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado antes do comezo das prácticas –xaneiro 2021-. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2020-2021.
- Recepción do informe final e valoración dos tutores externo/as. Publicación das cualificacións o en xuño de 2021 (plataforma TEMA)

É preciso sinalar que todas as actuacións estiveron marcadas pola situación de saúde pública provocada pola COVID 19. Tentouse adaptar tanto as reunións que se celebraron como a recepción de documentación ás medidas impostas pola normativa académica aprobada pola Universidade de Vigo, polo que se realizaron paralelamente de forma virtual a través do campus remoto e posibilitouse a entrega electrónica da documentación mediante

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2010-2021.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2020-2021 foi de 32 prazas para un total de 27 alumnos. Estas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

NOTARÍA (1)

Titor externo: D. Daniel Balboa
Enderezo: Rúa da Concordia, 13, 32003 Ourense
Teléfono: 988 37 28 07
Contacto: dbalboa@notariado.org

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (1)

Titora externa: Dna. Mónica Lesgapi Díaz
Enderezo: Oficinas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, Rúa Progreso n.º 32.
Contacto: jmosquera@depourense.es

DESPACHOS DE ABOGADOS/ECONOMISTAS (7)

LEÓN REY ABOGADOS (2)

Titor externo: D. David de León Rey
Enderezo: Rúa Santo Domingo, 45 1º, L3, 32003 Ourense,
Contaco: davidleon@uvigo.es

JOSÉ ABUNDANCIA DOMINGUEZ AVOGADO(1)

Titor: D. José Abundancia Domínguez
Enderezo: Paseo, 36 3º C - 32003 - Ourense (Ourense)
Contacto: j.abundancia@gmail.com

ADV ECONOMISTAS & ABOGADOS (1)

Titora: Dna. Marta López
Enderezo: Parque San Lázaro número 8, 3º Izquierda, 32003, Ourense
Contacto: mlopez@advgrupo.com

JOSÉ FEIJÓO MIRANDA ABOGADO(1)

Titor: D. José Feijóo Miranda
Enderezo: Bedoya, 2 1ª Esquina con Parque San Lázaro y, Rúa Santo Domingo, 32004 Ourense

Contacto: correo@abogadosfeijoo.com

NATALIA TORRES CADAVID AVOGADA (1)

Titara: Dna. Natalia Torres Cadavid

Enderezo: Av. Pizarro 21, ent. D. 36204, Vigo (Pontevedra)

Contacto::natalia@torrescadavid.com

DESPACHO DE ABOGADOS SALGADO CARBAJALES (1)

Titara: Dna. Fátima M^a Salgado Carbajales

Enderezo: Rúa Celso Emilio Ferreiro 29, 10 B, Ourense

Contacto: fatimamariasalgadocarbijales@gmail.com

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE (5)

Titor externo: D. Manuel Arias Carral

Enderezo: as prácticas desenvolveranse nos diferentes servizos da Subdelegación (Rúa parque San Lázaro, 1, 32003 – Ourense): Unidade contra a violencia da muller, autorizacións administrativas, infraccións administrativas, xurado provincial de expropiación forzosa, dependencia de traballo e inmigración, oficina de extranxería e avogacía do Estado).

Contacto: arias@uvigo.es

PARLAMENTO DE GALICIA (5)

Titor externo: D. Xosé Antón Sarmiento Méndez. Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia

Enderezo: Rúa do Hórreo, 63 - 15701 Santiago de Compostela

Teléfono: 981-55.13.20/21

Contacto: xose.anton.sarmiento.mendez@parlamentodegalicia.gal

INGADE (1)

Titara externa: Dna. Yolanda Trasobares Ramos

Enderezo: Parque tecnolóxico - tecnópole 1, of.13 – local 1332900 - San Cibrao das Viñas – Ourense

Teléfono: 988368157

Contacto: yolanda@ingade.es

CONCELLOS (8)

CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (2)

Titor externo: D. Manuel Conde Gómez

Enderezo: Pza. do Toural, 10 - 32702 - Vilar de Barrio (Ourense)

Teléfono: 988419001

Contacto: notificaciones@vilardebarrio.gal

CONCELLO DE CELANOVA (1)

Titara externa: Dna. Montserrat Campos Mondelo

Enderezo: Praza Maior 1 32800, Celanova-Ourense
Teléfono: 988-43.14.87
Contacto: montserrat.campos.celanova@eidolocal.es

CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR (3)

Titoras externas: Concepción Bolano Novoa (Dep. Contratación), Luisa María López Pérez (Arquitecta municipal) e Marina Sara González Soto (Asesora xurídica)

Enderezo: Concello de Pereiro de Aguiar
Contacto: alcaldía@pereiro.gal

CONCELLO DE BARBADÁS (3)

Titora externa: Dna. Victoria Morenza
Enderezo: Concello de Barbadás
Contacto: victoria.morenza@barbadas.es

VICERREITORIA DE COOPERACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E RESPONSABILIDADE SOCIAL (1)

Titora externa: Dna. Laura Movilla Pateiro
Enderezo: Universidade de Vigo
Contacto: lauramovilla@uvigo.es

PÉREZ RUMBAO (1)

DEPARTAMENTO XURÍDICO

Titora externa: Dna. Irene Santana Carnero
Enderezo: Carretera Nacional 525, Km, 231.1
Polígono de Barreiros 32910, San Cibrao das Viñas, Ourense
Teléfono: 988363060
Contacto: irenesc@perezrumbao.com

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR (2)

Titora externa: Dna. Cristina Reza Conde
Enderezo: Edif. Admtvo. San Lázaro, s/n, 3º Andar - 15703 - Santiago de Compostela

C. Valoración das propostas de mellora para o curso 2020/2021

A acción de mellora proposta para o curso 2020/21 realizouse xestionando a adaptación dos convenios xa existentes seguindo o disposto na DA 8ª de la Lei 40/2015. Tamén se asinaron novos Convenios a instancia da coordinadora de prácticas da Facultade de Dereito. Entre os convenios asinados no devantido curso figuran os seguintes:

2021000397	10/05/2021	Pilar Pazos Alzugaray	Prácticas externas Máster da abogacía.
2021000336	23/04/2021	Elvira Silva Varela Abogados	prácticas Máster en Abogacía
2021000334	23/04/2021	Luis Salgado Carbajales	prácticas Máster en Abogacía
2021000331	23/04/2021	ALFONSO PEREIRA SARDI	Prácticas Máster en Abogacía
2021000330	22/04/2021	JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ SEOANE	Prácticas Máster en Abogacía
2021000329	22/04/2021	ARL ABOGADOS	Prácticas Máster en Abogacía
2021000328	22/04/2021	FERRO ABOGADOS	Prácticas do Máster da Abogacía
2021000327	22/04/2021	ZAIDA ÁLVAREZ GONZÁLEZ	Prácticas dos alumnos da Facultade de Dereito
2021000326	22/04/2021	JOSÉ ABUNDANCIA DOMÍNGUEZ	Prácticas do Grao en Dereito e do Máster en Abogacía
2021000090	05/02/2021	Fátima Salgado Carbajales Abogados	realización de prácticas grao en Dereito e Máster da abogacía.
2021000089	05/02/2021	ADV ECONOMISTAS & ABOGADOS	Prácticas dos alumnos do Grao en Dereito e Máster da Abogacía
2020000851	17/12/2020	Torres Cadavid Avogados	Prácticas externas Grao en Dereito
2020000848	16/12/2020	JOSÉ FEIJÓO MIRANDA	prácticas do Grao en Dereito
2020000812	01/12/2020	NOTARÍA TOURÓN BALBOA	Prácticas externas Grao en Dereito e Máster da Abogacía.
2020000800	25/11/2020	INGADE (CONSULTORÍA DE EMPRESA)	Realización de prácticas externas do Grao en Dereito

D. Avaliación das prácticas externas durante o curso 2020/2021 e proposta de mellora para o curso 2021-2022.

Respecto ao curso 2020/2021, as condicións de saúde pública permitiron a realización das prácticas nun contexto de certa normalidade. Non obstante, nalgúns casos, xa previstos na oferta formativa e que se pode consultar na plataforma TEMA, foron realizadas de xeito virtual. Dende este punto de vista, na medida do posible, tentouse potenciar a realización de prácticas externas extracurriculares polo alumnado co obxectivo de non concentrar as prácticas nunha época concreta do curso académico e facilitar a súa incorporación gradual. Así, fronte os datos do curso precedente 2019-2020 no que se desenvolveron 4 prácticas extracurriculares, no curso 2020-2021 incrementouse o número a 14 prácticas realizadas; na maioría dos casos solicitouse o recoñecemento das mesmas.

Seguíronse actualizado os convenios xa existentes e tentando potenciar novas sinerxias e colaboracións.

En relación coas melloras, propóñense as seguintes:

1. Incluír novos ámbitos profesionais na oferta de prácticas para o vindeiro curso que sexan atractivos para o alumnado e que encaixen nalgunhas das mencións de cuarto curso do Grao.
2. Sinatura de novos Convenios que permitan o desenvolvemento do sinalado na primeira proposta.
3. Potenciar a realización de prácticas curriculares e extracurriculares durante o curso 2021-2022.

Ourense, a 29 de novembro de 2021

Asdo.: Susana Álvarez González

Coordinadora de Prácticas Externas

ANEXO IV: INFORME DE SEGUIMIENTO. RELACIONES INTERNACIONAIS

1. Movilidad Internacional

La convocatoria de movilidad ERASMUS + 20/21 se publicó el 24 de noviembre de 2020. Por su parte, la convocatoria de Plazas de Intercambio con países no comunitarios se publicó el 4 de diciembre de 2020. A finales de noviembre, Dña. Amelia Rodríguez Piña, Directora de la Oficina de Relaciones Internacionales, convocó a una reunión informativa para todos los alumnos solicitantes de movilidad -tanto ERASMUS como de convenio bilateral-. La reunión, como consecuencia de la COVID-19, se celebró a través del Campus Remoto.

Tal y como establece la Convocatoria, una vez cerrado el plazo de presentación de solicitudes, la ORI remite la documentación a los Centros para la asignación de plazas. El 12 de febrero publicamos en el Centro la lista provisional de destinos. Asimismo, convocamos a los alumnos seleccionados a una reunión informativa en el Campus de Remoto (en mi aula Virtual) el 17 de febrero con la finalidad de solventar todas las dudas. Finalmente, transcurrido el plazo establecido, publicamos la lista definitiva el 18 de febrero.

Posteriormente, tras la publicación de la lista definitiva de destinos he tenido diversas reuniones individualizadas, así como comunicación vía email con todos alumnos a medida que iban cumplimentado su acuerdo de estudios.

Si bien habían solicitado la movilidad ERASMUS 17 alumnos de Grado y 3 de PCEO, finalmente, están realizando la movilidad ERASMUS 12 alumnos de Grado y 2 de PCEO. Asimismo, una alumna de PCEO realizará su movilidad en el marco del Programa de Bolsas Propias de la Universidad de Vigo en el próximo cuatrimestre (movilidad con América Latina, concretamente en la Universidad Autónoma de Chile).

Hay que destacar este curso académico se produjo un notable incremento de los alumnos que solicitaron la movilidad ERASMUS en el Grado (más de quince personas). En este sentido, con la finalidad de incrementar el número de alumnos que cursan un período de estudio en terceros países (ya sea movilidad en el marco del Programa ERASMUS o en el marco de los Programas con América Latina) seguimos incidiendo en las reuniones informativas. En este sentido, cabe destacar, que en la Jornada de acogida a los alumnos de primer curso (Curso 0) se imparte por parte de la responsable ERASMUS del Centro una charla sobre los Programas de movilidad y también en el Curso 3.5 (enfocado a los alumnos de tercer curso).

2. Movilidad nacional

En cuanto la movilidad SICUE, la convocatoria se publicó el 4 de febrero de 2021. A diferencia del programa ERASMUS, la asignación de plazas se realiza directamente en la ORI. Este año está realizando esta movilidad dos alumnas de Grado y uno de PCEO. Con estos alumnos hemos celebrado tutorías individualizadas para resolver todas las dudas planteadas y formalizar el acuerdo académico.

Ourense, 30 de noviembre de 2021

Fdo.: Belén Sánchez Ramos

Coordinadora de Relaciones Internacionais

ANEXO VI: INFORME FINAL DE REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES PARA O CURSO 2021-2022

O proceso de revisión de guías docentes do Grao en Dereito -e do PCEO ADE-Dereito- (41 guías) para o curso 2021-2022 desenvolveuse consonte o seguinte calendario obxecto de aprobación na Comisión Permanente da Facultade de Dereito de 1 de xuño de 2021:

Calendario e procedemento interno das distintas fases de elaboración e aprobación das guías docentes do Grao en Dereito para o curso 2021-2022 Aprobado pola Comisión Permanente o día 1 de xuño de 2021			
Responsable	Tarea	Descrición	Data
Coordinadora de titulación	Revisión das competencias da Titulación e a súa asignación ás materias	1) Revisar que as competencias xerais, básicas, específicas e transversais introducidas en Docnet correspondan coas da memoria da Titulación	Dende o 1 de xuño ata o 9 de xuño
Coordinadoras/es de materia	Elaboración das guías docentes	2) Definición dos resultados de aprendizaxe das materias 3) Contidos (Temario) 4) Distribución dos créditos (aula, maxistrais, prácticas, traballo autónomo do alumno, etc.) 5) Metodoloxía docente 6) Criterios de avaliación 7) Bibliografía	Dende o 10 de xuño ata o 20 de xuño
Coordinadora de titulación	Curso de elaboración de guías docentes	Celebración de reunión cos coordinadores de materias para resolver, por parte da coordinadora de titulación, todas as dúbidas que xurdan na elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet	18 de xuño ás 12:00 h (sala Xuntas virtual)
Coordinadora de titulación / Coordinadoras/es de materia	Revisión das guías docentes	Este proceso implica un traballo bilateral entre a Coordinadora de Grao e os Coordinadores de Materia	Dende o 21 de xuño ata o 6 de xullo
Comisión de Calidade	Revisión de guías docentes	1) Envío, dende a Coordinación do Grao á Comisión de Calidade, do informe de revisión das guías docentes e da documentación necesaria para someter a revisión as guías docentes por parte de dita Comisión 2) Revisión das guías docentes por parte da Comisión de Calidade	Ata o 7 de xullo

Xunta de Facultade/Comisión permanente	Aprobación das guías docentes do grao	Aprobación, en Xunta de Facultade ou Comisión Permanente, das guías docentes do grao	Ata o 8 de xullo
Decanato	Peche das guías docentes do grao	Peche, na plataforma Docnet, das guías docentes do grao	Ata o 8 de xullo
Decanato	Publicación das guías	A publicación implica á posta a disposición do público da devandita información na web do centro	Ata o 8 de xullo

O proceso de revisión das guías desenvólvese pola Coordinadora empregando, para cada materia, a seguinte ficha na que se consigan os concretos extremos obxecto de verificación:

	SÍ	NO	OBSERVACIÓNS
LINGUA IMPARTICIÓN / DESCRICIÓN XERAL: inclúese unha descripción da materia			
COMPETENCIAS DE MATERIA: inclúense exactamente as establecidas na Memoria do Grao para a materia			
RESULTADOS DE APRENDIZAXE: inclúense exactamente os establecidos na Memoria do Grao para a materia			
RESULTADOS DE APRENDIZAXE: vincúlense ás competencias da materia			
CONTIDOS: inclúense os establecidos na Memoria do Grao para a materia			
PLANIFICACIÓN DOCENTE: inclúense as metodoloxías docentes establecidas na Memoria do Grao para a materia, así como o peso correspondente			
AVALIACIÓN: inclúense os procedementos <u>de avaliación para asistentes</u> establecidos na Memoria do Grao			
AVALIACIÓN: vincúlense, ás distintas metodoloxías de avaliación, as competencias que se evalúan			
AVALIACIÓN: indícase, para cada metodoloxía de avaliación, o resultado de aprendizaxe que se avalía			
OUTROS COMENTARIOS E SEGUNDA OPCIÓN: detállanse os métodos de avaliación, dun xeito claro, tanto para asistentes como para non asistentes na primeira, segunda opción e fin de carreira, desglosado en apartados.			
OUTROS COMENTARIOS E SEGUNDA OPCIÓN: indícanse as competencias que se evalúan e os resultados de aprendizaxe na			

avaliación para non asistentes na primeira opción, segunda opción e fin de carreira.			
OUTROS COMENTARIOS E SEGUNDA OPCIÓN: indícase que as datas de avaliación correspondentes a 1ª edición de actas, 2ª edición de actas e Fin de Carreira serán as aprobadas por Xunta de Facultade			
PLAN DE CONTINXENCIA: indicación das adaptacións necesarias para a impartición e avaliación da materia tanto en modalidade mixta como en modalidade non presencial			
ATENCIÓN AO ALUMNADO: as guías docentes contemplarán para todas as modalidades que as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa			
BIBLIOGRAFÍA:			
RECOMENDACIÓNS			
COINCIDE A GUÍA EN AMBAS LINGUAS			

As fichas, unha vez cumprimentadas, foron devoltas aos coordinadores para que, habida conta as deficiencias detectadas, procederán á corrección das guías docentes, de ser preciso, en colaboración coa Coordinación de Grao.

No curso 2021-2022, mantivéronse os apartados, xa introducidos para o curso 2020-2021, "Plan de continxencias" (no que os coordinadores tiveron que sinalar as adaptacións –nas metodoloxías docentes, de avaliación e de contidos- a implementar en caso de tránsito á docencia mixta ou virtual) e "Atención ao alumnado".

O proceso de elaboración das guías desenvolveuse e concluiu nas datas previstas no calendario, sendo obxecto de aprobación na Comisión Permanente da Facultade de Dereito celebrada o día 8 de xullo de 2021.

Ourense, 25 de novembro de 2021

Asdo.: Francisca Fernández Prol

ANEXO VI: INFORME FINAL PAT 2020/2021

Presentación:

O Plan de Acción Titorial, elaborado no marco do Espazo Europeo de Educación Superior, procura a implantación do “DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudiantado” (registro R1-DO0203 P1). Trátase dun documento dinámico obxecto de revisión e actualización conforme ás necesidades e prioridades da Facultade de Dereito.

O PAT da Facultade de Dereito, aprobado pola Xunta de Facultade o 17 de outubro de 2014, contempla:

1. A figura do alumno-titor, desenvolvida por alumnos dos últimos cursos do Grao (3º curso / 4º curso). A súas funcións son: facilitar a integración do alumnado de novo ingreso na vida académica, informar das actividades, servizos e programas ofertados, participar no Curso “0”, colaborar activamente nas reunións planificadas polo profesorado titor e colaborar na realización dos informes finais do PAT e nas enquisas de satisfacción.
2. Actuacións de apoio e seguimento: programación do profesor-titor de, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes:
 - unha inicial para a toma de contacto e detección de necesidades especiais
 - outra de seguimento, cando o curso se atope máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.

Igualmente cabe a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.

O presente documento constitúe unha avaliación global das accións realizadas, fixando o nivel de consecución dos obxectivos previstos e destacando as dificultades atopadas.

Finalmente, o presente documento incorpora as propostas de mellora a implantar no curso seguinte.

Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

1. Accións de organización e acollida

- Xullo 2020: Proceso de selección de Profesores-titores. Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos profesores-titores do curso 2019/2020 solicitando que manifesten a súa dispoñibilidade para continuar desenvolvendo tarefas como profesores-titores no curso 20/2021.
- Setembro 2020: Proceso de selección de alumnos-titores. Remisión de correos electrónicos e visitas nas aulas para solicitar a colaboración de alumnado de 3º e 4º do Grao e de 4º e 5º do PCEO para participar no PAT en calidade de alumnos-titores.

- 14 de setembro de 2020: Celebración na Facultade de Dereito do “Curso 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO” dirixido ao alumnado de Grao e do programa conxunto ADE-Dereito. Os obxectivos que persigue este curso son:

- Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
- Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
- Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Presentar o Plan de Acción Titorial da Facultade de Dereito

- Setembro 2020: Publicación na web do centro do Anexo I do PAT 2020-2021 coa asignación do alumnado de primeiro curso aos profesores-titores e aos alumnos-titores. Remisión do referido documento aos correos electrónicos do estudiantado de primeiro curso.

3. Apoio e seguimento

- Outubro 2020: Malia que no curso 2019-2020, a primeira reunión foi conxunta, para todos os alumnos de primeiro curso –con presenza de todos os profesores-titores e alumnos-titores–, por razón de seguridade e saúde, en outubro de 2020 tal formato non se estimou adecuado. Por elo, dende a Coordinación solicitouse que cada profesor-titor convocará aos seus alumnos e alumno-titor a unha xuntanza *on line* no correspondente despacho virtual.

No marco das correspondentes xuntanzas, os profesores-titores, coa colaboración dos alumnos-titores, expuxeron ao alumnado de primeiro curso os obxectivos e recursos do PAT. Nesta xuntanza inicial os alumnos de primeiro curso que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT. Así mesmo, alumnos-titores e alumnos de primeiro curso que así o desexaron procederon á constitución de grupos de Whatsapp para a facilitar a titorización (N^º de ficha de mellora: 2018C01).

Os profesores-titores remiten á Coordinación convocatoria das correspondentes xuntanzas, así como os Anexos III correspondentes (ficha de seguimento das correspondentes xuntanzas).

- 1 de febreiro de 2021: Dende o centro organizouse o “Curso 3.5”, fundamentalmente destinado ao alumnado de terceiro curso do Grado de Dereito e cuarto curso do PCEO. Os obxectivos deste curso son:

- Presentar ao alumnado de terceiro curso e cuarto curso do PCEO a información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao: TFG, optativas, obtención de mención no título, prácticas externas, prácticas extracurriculares...
- Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado, así como o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.

En concreto, os temas abordados foron os seguintes:

- *A optatividade e a estrutura en Mencións*. Prof.^ª Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
- *O Traballo Fin de Grao*. Prof.^ª Dra. Marta Fernández Prieto, Prof.^ª Dra. M.^ª Belén Sánchez Ramos. Coordinadoras da materia Traballo Fin de Grao.
- *Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía*. Prof.^ª Dra. M.^ª Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía.
- *A organización da materia optativa “Prácticas Externas”*. Prof.^ª Dra. Susana Álvarez González, Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez. Coordinadores da materia optativa Prácticas externas.

- *A mobilidade do estudiantado no estranxeiro*. Prof.^ª Dra. M.^ª Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais.

- *Prácticas extracurriculares e emprego*. D.^ª Sandra Morales Lloves. Fundación Universidade de Vigo.

• 18 de marzo de 2021: Remisión, pola coordinación, de correo electrónico aos profesores-titores do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimento dos estudantes titorizados.

Os profesores-titores remiten a coordinación convocatoria das correspondentes xuntanzas, así como os Anexos III correspondentes (ficha de seguimento das correspondentes xuntanzas).

3: Avaliación e análise de resultados:

• 9 de xuño de 2021: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes que participan no PAT solicitándolles que cumprimenten *on line* o Anexo "IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado".

Número de alumnos participantes: 8

Repostas do alumnado participante:

1. Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

- Suficiente: 7

- Insuficiente: 1

2. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

- Moi boa: 1

- Boa: 5

- Mala: 1

- Moi mala: 1

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

- Moito: 0

- Bastante: 3

- Pouco: 4

- Nada: 1

4. Valore o grao de utilidade do PAT:

- Moito: 1

- Bastante: 2

- Pouco: 4

- Nada: 1

5. Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

- Si: 7

- Non: 2

- Non resposta: 1

6. Considera axeitado o sistema de seguimento?

- Si: 5

- Non: 3

- Non resposta: 0

7. Que eliminaría do PAT?

- 1 alumno/a resposta: "Cuestionarios insuficientes"

- Non resposta: 7

8. Que engadiría?

- 1 alumno/a resposta: "Personas que escuchasen"

- Non resposta: 7

9. Que temas lle gustaría que se houberen abordado no PAT?

- 1 alumno/a resposta: "evaluación a los profesores"

- Non resposta: 7

Avaliación:

- Aínda que a mostra é moi pequena (8 alumnos), os datos poñen de manifesto un grao medio/baixo de satisfacción do alumnado (pois máis do 50 por 100 dos alumnos consideran o PAT pouco ou nada útil). O que implica un descenso respecto do curso anterior en que o grao de satisfacción se estimou notable (entón particular, 11 dos 14 alumnos que respostaron valoran positivamente a organización e coordinación de actividades do PAT, e 10 consideraron o PAT "bastante" útil).
- Por outra banda, tamén se aprecia un descenso no número de alumnos participantes nas enquisas (de 10 alumnos no curso 2019-2020 a 8 alumnos no curso 2020-2021).

• 9 de xuño de 2021: Remisión, dende a Coordinación do Grao, dun correo electrónico aos profesores-tutores solicitando que cumprimentasen *on line* o Anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a" (en cumprimento do disposto no apartado "6.1.5. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial"). Así mesmo, solicítase ao profesorado a remisión á Coordinación dos Anexos II e III das dúas reunións –inicial e de seguimento- mantidas ao longo do curso.

Número de participantes: 5 profesores-tutores (número total de profesores-tutores: 8).

Respostas dos profesores-tutores:

1. Número de reunións:

- En grupo: 2.

- Individuais: 1

2. Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT (equipo directivo/outro):

- Suficiente: 5

- Insuficiente: 0

3. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

- Moi boa: 4

- Boa: 1

4. Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT:

- Bastante: 1

- Pouca: 4

5. Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

- Sí: 5

- Non: 0

6. Valore o grao de utilidade do PAT dacordo coas experiencias co estudantado:

- Moito: 0

- Bastante: 3

- Pouco: 2

- Nada: 0

7. Considera axeitada a metodoloxía empregada?

- Si: 5

- Non: 0

8. Pensa que é axeitado o sistema de seguimento?

- Si: 5

- Non: 0

9. Que eliminaría do PAT?

Resposta 1: "Quizá a xestión por parte do profesorado".

Resposta 2: "Nada".

Non respostan: 3

10. Que engadiría?

Resposta 1: "xestión estudantil".

Resposta 2: "Buscar fórmulas para fomentar a participación dos estudantes".

Resposta 3: "Nada".

Avaliación:

- Debe salientarse que, aínda que a maioría do profesorado considera útil o PAT (conforme as experiencias co estudantado), 2 docentes estiman o Plan de escasa utilidade.
- Por outra banda, debe destacarse que algúns docentes refiren a necesidade de fomentar a xestión/participación dos estudantes.

• 9 de xuño de 2021: Dende a Coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes que participan no PAT en calidade de alumnos-titores solicitándolles que cumprimenten *on line* o Anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do/a estudante titor". Esta enquisa implementouse por primeira vez no curso 2020-2021, sendo unha mellora proposta no informe de avaliación do PAT do curso 2019-2020.

Número de participantes: 2 (número total de alumnos-titores: 9, dos cales 7 son do Grao e 2 do PCEO).

Número de reunións en grupo ou individuais, a instancia ou non do profesor titor: 2

1. Número de consultas atendidas por outras vías:

Resposta 1: 0

Resposta 2: 3

2. Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT (equipo directivo/outro):

Suficiente: 2

Insuficiente: 0

3. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Resposta 1: boa

Resposta 2: moi boa

4. Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT:

Resposta 1: pouca

Resposta 2: ningunha

5. Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Resposta 1: si

Resposta 2: si

6. Valore o grao de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudantado:

Resposta 1: bastante

Resposta 2: bastante

7. Considera axeitada a metodoloxía empregada?

Resposta 1: si

Resposta 2: si

8. Pensa que é axeitado o sistema de seguimento?

Resposta 1: si

Resposta 2: si

9. Que eliminaría do PAT?

Resposta 1: nada

Resposta 2: non resposta

10. Que engadiría?

Resposta 1: Considero que o formato está moi ben, e non se necesita engadir nada.

Resposta 2: non resposta

Avaliación:

- Debe destacarse a escasa participación dos alumnos-titores (só 2 alumnos dos 9 que se integraron no PAT do curso 2020-2021).
- Con todo, debe así mesmo sinalarse que esta enquisa constitúe unha ferramenta nova, precisamente implementada no curso 2020-2021.

Melloras a introducir para o curso 2021-2022

Con data do 8 de xullo de 2021, aprobouse o Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de Dereito, no que se recolle o conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. O devandito PAT-ANAE incorpora novidades relevantes respecto do PAT anteriormente vixente, polo que no curso 2021-2022 procederase a implantación e avaliación deste novo modelo.

En todo caso, analizada a participación e resultados dos cuestionarios de satisfacción, estímase necesario:

- Proseguir na utilización de formularios telemáticos para avaliar o grao de satisfacción dos axentes implicados.
- Analizar, no marco da Comisión de Calidade, as respostas e propostas realizadas, nas enquisas correspondentes, polos axentes implicados.

Así mesmo, estímase necesario analizar, no marco da Comisión de Calidade, o desenvolvemento do novo modelo de PAT-ANAE, confrontando os seus resultados co Plan ata entón vixente.

Ourense, 25 de novembro de 2021

Asdo: Francisca Fernández Prol

Data:


Sinaturas:



Vicedecana de Planificación e Calidade



Vicedecana de Organización Académica e
Profesorado



Coordinadora de Relacións Internacionais e
Coordinadora do TFG



Coordinadora do Grao



Coordinadora de Prácticas Externas



Decana da Facultade de Dereito de
Ourense e Coordinadora do TFG